A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL PUBLIC. DIORIA 30

Nº139 – DO 9 AO 14 DE XANEIRO DE 1.981 · 50 PTS.

BALANCE DAS ELEICIONS SINDICAIS

O SINDICALISMO NACIONALISTA CON PRESENCIA INSTITUCIONAL

MANOEL MARIA

A voz do pobo asoballado

POLIGONO DE VITE

Nen viviendas nen sociais

Despois de levar dous anos agardando pola entrega das suas casas, en pésimas condicións de habitabilidade agora o MOPU tenta de impoñer aos beneficiários outos précios de aluguer.

HIPERMERCADO DE COIA

Suspensión da licencia de obras

A Audiéncia Territorial de A Coruña, por mor do recurso presentado por várias organizacións viciñais, ven de suspender, como medida preventiva, a licéncia de obras para a construcción do Hipermercado de Coia.

A PONTENOVA

Unha compra conflitiva



...nillo

...xornada do ...ta dos resultados ...ndo estatutário, no ...se evidéncia que a ...tonomia nace sen lexitimidade social, os persoeiros da política española en Galícia, os do SI, facian unhas declaracións nas que mostraban o seu histerismo antigalego e a sua decepción pola derrrota...

Franqueira :*"Considero que xa non debo estar no Parlamento Galego"*. Xa era hora de que lle fixera un favor a Galícia, é a sua primeira decisión que aplaudimos os galegos.

Cunqueiro: *"Nunca vin un pobo como o galego que dimite do seu destino. Teño na boca un sabor amargo e até un sentimento de noxo"*. Noxo é o que sentimos os galegos que nunca podemos ver dimitir aos que manexan o noso destino.

Monseñor Suquia: *"La iglesia gallega ya está autonómicamente organizada"*. Desde agora mesmo, xa sabedes, o "monaguillo", chamaráse **"monaguelo"** que xa é un paso.

Marino Dónega: (Antes de coñecer os resultados) *"Hay que suponer que nuestro pueblo no tiene vocación suicida"*. Seguro que non, don Marino, a maioria non aprobou o Estatuto. .

Celso Montero: *"Acabo de depositar un "SI" tan cordial como Galícia merece"*. Este home, polo que di, cando saúda "cordialmente" debe ser a puñetazos.

Portanet: (Pregúntanlle se se vai presentar ao Parlamento Galego) *"Si soy Capitán General como voy a descender a sargento"*. Eles mesmos recoñecen o papel das institucións autonómicas. Polo símil, parece ser que os galegos imos ser reclutas coa autonomia.

Sancho Rof: *"La influencia del BN-PG fue escasa y la abstención normal"*. Referíase, de seguro, ao Referendo de Andalucia.



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas, S.A.

Presidente do Consello de Administración:
Xosé Luis Fontenla Rodriguez.

Consello de Administración:
Secretário:
Cesar Varela García.

Conselleiros:
Francisco Carballo Carballo, Xoaquin Acosta Beiras, Manuel Maria Fernández Teixeiro, Santiago Esteban Radio, Xosé Paz Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Cipriano Jimenez Casas.

Comisión de Fundadores
Xoaquín Acosta Beiras, Xosé Luis Fontenla Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Xosé Enrique Morales Quintana, Cesar Varela García.

Directora:
Xosefina López Corral.

Redactores e Colaboradores:
Bieito Iglesias, Alfonso Eyré, Xosé López, X.L. Labandeira, Xosé M. Curras, Ignacio Brisset, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X.A. Suarez (O Condado), Xan Docampo (A Estrada), Cándido Miranda (Porriño), Vázquez Pintor (Morrazo), X.M. Suarez (Cedeira), Francisco Delgado (A Rua), Patiño, Tellado, Lois Rodríguez (Deportes), Jordí Fortuny, M. Mercé Marçal, Xavier Romeu (Paisos Cataláns), Mugarra (Euskadi), Manuel Toural (España), A.P. Dasilva (Portugal), Domingo Prieto (Holanda), Carlos Durán (Londres), Carlos Sixirei (Latinoamérica).

Deseño e Confección:
Proculgasa Deseño Gráfico.

Fotografía:
Alban, Tino Viz, Carballa, C. Lafuente.

Dibuxos:
X. Marín, Xosé Lois, F. Vilanova, Carlos Rodríguez Silvar, Permui, Pepe Barro.

Publicidade:
Rodolfo Lamas Conde. Telf. 582613.

Redacción e Administración:
Troia, 10 - 1.-Santiago.
Redacción: Teléfono, 582681.
Administración: Telf. 582613.

Imprenta:
"La Región, S.A.". Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense.
Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución; A Coruña, Libreria Colón, Telf. 222206. **Santiago**, Prensa Nacional, Telf. 583456. **Pontevedra**, Libreria Cao, Telf. 855374. **Vigo**, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. **Ferrol**, Distribuidora Valo, Telf. 357707. . **Lugo**, Souto, Telf. 213425. **Ourense**, Vda de Lisardo, Telf. 230218. **Bilbao**, Distribuidora Vasca Telf. 4231933. **Barcelona**, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

UN PASO ADIANTE DA INFORMACIÓN GALEGA.

A NOSA TERRA MEDROU!!

No pleno celebrado o sábado, dia vinte e sete de decembro, na Diputación da Coruña, o diputado Anxel Garcia Seoane, independiente por Oleiros, presentou unha moción na que se pedia a destitución do Director do "Ballet Gallego da Diputación", Xosé Manoel Rey de Viana. Ainda que esta moción partia da negativa de Rey de Viana, secundado en pleno por todo o corpo do ballet, de non participar o dia dazanove de decembro no acto do Pazo dos deportes da Coruña para pedir o SI no Referendo do Estatuto de Autonomia, ben é verdade que xa era a segunda que se presentaba neste senso e que o Sr. Seoane parece que quixo aproveitar esta vez a coxuntura de que todos os partidos presentes na Diputación, agás, o Bloque, estaban contrariados por esta postura do Sr. Rey de Viana. A este estado de ánimo contrário ao director do "Ballet Gallego" hai que unir o feito de que o próprio Presidente da Corporación Provincial Coruñesa no recente viaxe que realizou a terras mexicanas foi relegado sempre a un segundo termo por o Director do Ballet, cousa que non lle debeu de agradar moito. Vistas estas situacións favorábeis para que a moción fose apoiada por grupos que estarian noutra hora totalmente contrários, como xa o demostraron anteriormente, a que se abrise unha investigación a fondo das actividades do Ballet, foi polo que se presentou a mencionada moción nun *"intento máis de acabar coa corrupción, da que forma sen dúbida parte as sinvergüencerias constantes que está cometendo o Sr. Rey de Viana; ainda que a min que participase ou non me trae completamente sen cuidado"*, *manifestounos* o Sr. Garcia Seoane.
Desde ese momento a guerra, que parecia adormecida despois dos altercados de hai un ano e a suspensión de emprego e soldo por dous meses do Director do Ballet, estalou outra vez entre o Sr. Rey de Viana e o Sr. Garcia Seoane.

¿QUE VAI PASAR CO BALLET GALEGO?

Baile na Diputación da Coruña

"Poderia intentar separar ao Ballet da Diputación, se me sancionan, xa que cando eu llo donei á Diputación foi para que o potenciase. Se o que están facendo é tratar de de destruílo, eu creo que se pode tratar de impugnar xuridicamente a donación. Volveríame a facer con el porque estou seguro de que sobran hoxe institucións en Galícia que o queren e que lle prestarian moitísima máis atención.

Se me separan da Dirección do Ballet teño que recoñecer que este morreria xa que en España non existe unha persoa que me poda sustituir. Pero dubido que o ballet aceitase esta postura, xa que teño absoluta confianza de que o ballet me segue. Se a min me sancionan, voume co Ballet", manifestounos o Sr. Manoel Rey de Viana, Director do "Ballet Gallego" da Diputación da Coruña.

Pola sua banda, o Diputado Garcia Seoane, presentou no pleno da Diputación Provincial coruñesa o dia vinte e sete de decembro unha moción pedindo que o Director do Ballet Gallego para que *"seña baixado do pedestal que el mesmo se fixo, destituindoo como Director do Ballet, prévia sanción desciplinária correspondente"*, moción que pasou a trámite, acordándose abrirlle un expedente ao Sr. Rey de Viana; asimesmo, afirmounos que o que se pretende é *"separ do ballet ao Sr. Rey de Viana e poñerlle un director administrativo e, ainda veremos que podemos facer no terreno artístico; todo isto ao marxe das sancións que se lle poñan por a sua actuación, para min ilegal, ao longo destes últimos anos. E imposíbel que o ballet se separe da Diputación."*.

O MAL XA NON VEN DE AGORA.

Sempre segundo o ponto de vista e as manifestacións do Sr. Garcia Seoane o motivo de presentar a moción non foi o que a prensa lle deu: *"A min traime sen cuidado* —dinos o diputado por Oleiros— *que actuase ou non actuase no festival, o que importa e que desobedeceu, unha vez máis os acordos da Comisión e do pleno. Se presentei dita moción foi seguindo a política de limpiar a Administración. O do mitin é o de menos, o grave son as irregularidades manifestas, que ese señor faga o que lle dea a gaña como se fose dono e señor do Ballet, con perxuício para as arcas da Diputación"*.

Dáse conta en dita moción de que o Sr. Rey de Viana ainda non executou o acordo de librar a escaleira do edifício onde el habita segundo mandato da Comisión Reitora da Escola de Música e Danza da Diputación Provincial, polo que xa fora sancionado o vinte e nove de marzo coa suspensión de emprego e soldo polo prazo dun mes.

Asimesmo se daba conta de que o Sr. Viana non quer cambiar a sastreria para a banda dereita da planta carta do edifício asignado, como lle foi notificado.

Tamén cita o Sr. Seoane un "mercadillo" que funciona na sastreria onde se venden zapatillas, maillots etc., mercadillo que explota o Sr. Viana, e que a pesar de que se lle notificou a sua clausura ainda segue funcionando.

Tamén o Sr. Diputado de Oleiros nos aclarou o que queria dicer na moción cando señalaba *"docenas de desagradábeis asuntos dos cales o Sr. Viana é o "Artista", facendo e desfacendo o que lle ven en gaña, gravando na meirande parte dos casos as arcas provinciais e atribuíndose títulos e poderes que para ben dos presentes non ten"*.

Rey de Viana, "non son un director títere".

POSIBEIS IRREGULARIDADES.

"Estes desagradábeis asuntos" que motivaron no fondo a moción son, segundo nos mostra Garcia Seoane, que o Sr. Viana está facendo compras sen consentimento de ninguén, ademáis, *"estálle pasando peticións á Comisión para comprar cousas que xa están compradas, algunhas con facturas de 901.315 e 763.999 pesetas, como podes ver"*.

Por outra banda, todos os anos pide o mesmo, e pide o máximo na memória que presenta. *"Non me explico como pide seis cestos de bímbios cada ano, cada ano repoñendo roupa branca,se cadra para dez ou doce actuacións ao ano, por importe este ano de cento cincuenta mil pesetas e o ano pasado de cen mil, e asi todos os anos. Tamén non comprendo como todos os anos ten que arreglar os pares de xoias que só usan nas actuacións, no 79 foron dazaoito pares, no oitenta vinte e catro, pero o bon é que sempre pide os mesmos cartos, cen mil pesetas. Por outra banda, están os 435 pares de zapatillas, sempre os mesmos, do número trinta e catro ao cuarenta e dous, idéntica cantidade de todos os tamaños, como se houbera para cada número o mesmo de bailarins, ou todos gastaran igual cantidade de zapatillas. Logo está que en diversas partidas das que pide costaban máis o ano pasado que este ano, cousa que non pode ser certo como é, por exemplo o caso dos proxectores de mil Watios, que o ano pasado poñia que costaban vinte e cinco mil e este ano pon vinte mil. Todo isto aparte do xa exposto da moción e que falsea nas suas declaracións ao dicer que non hai escaleira, ou que chove a onde ten que trasladar a sastreria. Certamente chove nesa planta, pero non é no local destinado para esa función. Todo o que di son mentiras; o que pasa é que se cree o amo e señor e non se quer someter á Diputación"*.

"A OBRA ARTISTICA MAIS COMPLETA QUE DOU GALICIA".

Pola sua banda, o Sr. Rey

Cadro branco

A decisión tomada polo Alcalde de Cangas do Morrazo de pechar un grupo escolar namentras non se arranxe un escape de gas que se produxo na devandita agrupación escolar.

Cadro negro

As multas de dez mil pesetas impostas polo Goberno Civil de Lugo ao Diputado Provincial Manoel Castiñeiras, ao Alcalde das Nogais e a tres viciños deste municipio por protestar polo peche de duas escolas da montaña luguesa.

Garcia Seoane, "o que intento e limpiar a administración de sinvergüenzas".

do na Diputación".

"Retos, —di agora o Sr. Rey de Viana, visiblemente excitado—, *a que podan demostrar calquera cousa contra de min, no terreno social, moral ou no que queiran. Creo que son un home irreprochábel".*

No referente a negativas como a da escaleira, afirma D. Xosé Manoel que non pode permitir que lle entren na sua casa sen consentimento, *"teño ademais que velar polos intereses do Ballet polo que non podo permitir que leven a sastreria para un sitio que chove, como comuniquei por escrito e menos para que un diputado favoreza aos seus amigos os músicos; ademáis de facerme falta espácio para os talleres."*

Para rematar o Sr. Rey de Viana tacha a Diputación de facer anticultura ao suspender por un ano ao Ballet. *"Se queren destruílo que non o vaian facendo pouco a pouco, que lle corten a cabeza dunha vez, que o poden facer, porque xa dixen que mentres eu viva viviria o Ballet Galego.".*

"O NOSO ESPIRITO E REXO COMO O TOXO QUE FLORECE SEN QUE NINGUEN SE COIDE DE O ABONAR".

Este é o lema do Ballet Gallego fundado no ano 1.949 por D. Xosé Manoel Rey de Viana e presentando seis anos despois *"para que os pobos de todo o mundo coñocesen a alma da nación galega".* En mil novecentos setenta e un despois de que Rey de Viana sofrise duas perforacións de estómago, fíxoselle a donación á Diputación da Coruña, en representación de Galícia. Donación totalmente gratuíta baixo o inventário de doce millóns de pesetas, *"pedíndome que eu e a miña dona seguísemos ao frente del de por vida".*

Para o Sr. Garcia Seoane este é un contrato sumamente ventaxoso, xa que *"o Sr. Rey de Viana ten o 25 por cen do que se gaña en cada actuación, cun mínimo de vinte mil pesetas fixas, e un soldo que sobrepasa as cuarenta mil ao mes, tanto para el como para a sua muller".*

Tampouco nisto está de acordo o director, *"xa que son o único en España que debo ter que pagar un millón de pesetas se me quero marchar".*

Tamén se queixa o Sr. Rey de que o Ballet está vivindo da caridade e de que Diputación non lle busca actuacións ao que alega o Sr. Seoane dicindo que no ano setenta e catro só actuaron catro veces, no setenta e cinco duas, duas tamén no setenta e seis, para facer no setenta e nove dazasete actuacións, e outras tantas no oitenta, algunhas das cales como as de México lle deixou un beneficio ao Sr. Rey de Viana de 182.170 pesetas, agás soldos e dietas.

A ESPERA DO QUE PODA OCURRIR.

O final de toda esta disputa da que quixemos ser só testemuñas sen entrar en razóns ou sinrazóns está no que decida a Diputación, se ben é certo que o Sr. Rey de Viana conta coas simpatias dalgun diputado —por exemplo Armando Mosquera, pianista do ballet— de UCD, a pesar do seu enfado pola negativa da participación e o desprazamento do presidente a un segundo plano en México, non quer enfadar a un bon número dos seus eleitores, saben que logo van comezar, como xa pasou na pasada sanción, os "actos de desagrávio e agasallo" por parte das "forzas vivas".

Por outra banda, están diversos persoeiros e organismos dispostos a sacar peito por facerse cos "servicios" do ballet.

A Diputación está no seu lexítimo poder de abrirlle un expediente a calquera dos seus funcionários, o que non se pode facer é suspender as actuacións por non querer asistir a un mitin político que non representaba a todo o pobo galego, como quedou, ademais, demostrado amplamente nas eleicións. Outra cousa é que .persoalmente cada un teña as opcións que queira. Os métodos ainda seguen latentes. Que dirian certos cronistas se os partidários do NON fixesemos o mesmo, cales serian os seus calificativos?.

ALFONSO EYRE.

O MORRAZO

Quen parte, reparte

Dentro da actualidade do Morrazo na última semana cumpre sinalar o conflicto do cimetério de Marin, as declaracións do alcalde de Bueu sóbor as axudas da Diputación para instalacións deportivas e os comentários sóbor da próxima apertura da ponte de Rande.
Un pleno de tronada, declaracións, cartas á prensa, demandas xudiciais por insultos e chamadas á orde por parte de militantes do PSOE ao seu alcalde en Marin son toda a ponta dun grave conflito social que se está a plantexar na vila. Todo ven a conto pola intención de facer un novo cimetério e deixar de lado o vello. A favor da nova construción está a UCD e alguns concellais do PSOE, coma o alcalde e o señor Vázquez.

Dentro dos debates as posturas mantidas por Esperón (PSOE) e Guimerans (BN-PG) botaron por baixo os argumentos dos técnicos municipais que defendian a nova construción. Diante dos berros do público ao señor alcalde non se lle ocorreu dicer máis que ali se facia o que os concellais querian e non o que o pobo desexaba. E deste xeito a cousa encrepouse, suspendeuse o pleno e o señor Pierres Martíñez tuvo que sair escoltado polas Forzas do Orden Público. E agora a esperar un novo pleno (quen sabe se será igual) para tratar o mesmo tema.

Tamén en Marin hai que facer notar o estraño derrumbe do faiado da casa número 128 da Rua de Ourense, ocorrido ás dez menos cuarto da noite do sábado, sen explosión previa nen nada que o poida explicar a non seren as dilatacións e contracción dun cemento e vigas colocados hai tres meses. O estraño do caso e que no baixo desa casa está o local da ING, do que houbo que retirar o ficheiro, por un se acaso.

QUEN PARTE, REPARTE

Pódese dicer que o cabreo agarrado polo alcalde —e o pobo— de Bueu foi dos meirandes que se recordan cando soupo que a Diputación non lle concedia ao axuntamento nengunha subvención para instalacións deportivas no rural mentres que ao Nautico, tan rexeitado por todos lle daban 300.000 pesetas para instalacións.

Na sua roda de prensa do venres puxo de manifesto que mentres axuntamentos como A Estrada ou Lalin, con maioria UCD levaron o tope de subvención, tres millóns, axuntamentos con alcalde nacionalista foron boicoteados.

Fora xa deste tema en todos os axuntamentos do Morrazo están a nacer de cotio rumores sobre a xa iminente apertura da Ponte de Rande. Con tanto tempo que se agardou, non é de estrañar que xurdan précios de "cruce da ponte" dos máis disparatados. A solución, nas mans da "explotadora" de concesión.

ARTESANIA
Luar
ARTE POPULAR
Fray Rosendo Salvado, 13-15
Edificio Zafiro
Teléfono 59 11 71
SANTIAGO DE COMPOSTELA

VACALOURA
A Rosa, 20 - Teléfono 59 85 00
SANTIAGO DE COMPOSTELA
ARTES PLASTICAS, MANUALIDADES, MARCOS, MOLDURAS

DIBUXOS CELTAS
ARTESANIA
LÚNULA
Alfredo Brañas, 18, SANTIAGO

HIPERMERCADO DE COIA

Suspensión da licencia de obras

Un conflito urbanístico de consecuéncias impredecíbeis
está enfrentando aos viciños do Polígono de Coia e aos comerciantes de todo Vigo contra a Comisión Municipal Permanente do Axuntamento da cidade que concedeu licéncia de obras a "Inmobiliaria Coya S.A." para construción dun xigantesco Centro Comercial de 61.666 m2 no que estaba prevista a instalación dun Hipermecado dunha multinacional francesa. O conflito, sen precedentes na cidade, dado que estan en xogo centos de millóns de pesetas, terá un lento desenlace xa que a Audiéncia Territorial de A Coruña, atentando ao recurso presentado por várias organizacións viciñais, ven de suspender, como medida preventiva, a licéncia de obras nas que se calcula a imobiliária xa invertiu uns 500 millóns, e deben quedar paralizadas agardando que a Audiéncia dite senténcia en firme, tarea que pode levarlle un ano.

Foi o pasado 20 de Maio cando os nove concellais que pertencen á Comisión Permanente do Concello de Vigo, e que representan aos partidos UCD, PC, PSOE, CD e PG, acordaron conceder a licéncia de obras aludida, a pesar dos informes dos técnicos municipais nos que advertian que a pretendida obra excedia tanto en superficie como en altura, a edificabilidade máxima da parcela, cuantificada con exactitude en 28.740 m^2, superfície máis que doblada na solicitude. Advertian por tanto os técnicos que non pretendia conceder licéncia de obras mentres o proxecto non se axustara ao que correspondia á Parcela.

Non obstante os case 33.000 m^2 de diferéncia que saia gañando a Inmobiliária non deberon parecer excesivos aos nove concellais xa que dando as costas a os seus próprios técnicos, accederon unanimemente á solicitude.

O CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO: UNICA SAIDA.

Asi pois, as obras comezaron a grande ritmo e paralelamente as accións dos viciños foron sucedéndose sen o menor resultado conforme informaron en roda de prensa celebrada no local da AA. de VV. de Coia as tres organizacións recurrentes ante a Audiéncia Territorial, que aparte da própria Asociación do bárrio son o Movimento Cidadan do Cto, da Vitória e a Coordinadora de AA. de VV. de Vigo, que resumiron as contínuas xestións ante o Alcalde e a própria Comisión Permanente como totalmente ineficaces, "non quedándonos máis solución, despois de 5 meses de solicitudes e adverténcias, que pasar aos feitos a acudir á Coruña".

O COMERCIO RESPONDE.

En opinión dos recurrentes, non se trata só de impedir un atentado urbanístico de gran magnitude ou defender zonas verdes, nen tan sequer evitar a violación das normas ubanísticas vixentes na cidade, cumplimento que se esixe a calquera viciño que queira edificar, tamén debemos ter en conta o grave daño que se lle inflinxiria ao comércio da zona Oeste de Vigo e de toda a cidade, e mesmo ao Mercado das Travesas que se veria directamente afectado perxudicando á economia de centenares de vigueses e incluso a médio prazo a desaparición de numerosos postos de traballo.

Xa no mes de Xullo un centenar de comerciantes solicitaba ao Alcalde a anulación da licéncia razonando que "non comprendemos como nuns tempos nos que o próprio Axuntamento ven multiplicando as tasas e impostos, agravando a situación de crise que padece o comércio, a Comisión Permanente actue con semellante favoritismo para una multinacional...".

Mais non só foron declaracións dado que o recurso foi costeado polos viciños e os próprios comerciantes mostrándose todos dispostos a chegar, se fose preciso ante o Supremo.

¿QUEN PAGARA ?.

Na mesma roda de prensa se informou que a Inmobiliária debido a suspensión de licéncia actualmente provisional, pero que nun futuro pode ser definitiva, podia esixir unha indenización de varios centos de millóns, que na opinión dos viciños debia ser afrontada persoalmente polos nove concellais co Alcalde á cabeza, quen consideraban erán os únicos responsábeis por estar advertidos sobradamente polos técnicos, viciños e comerciantes, asimesmo consideraron como ridículas e demagóxicas as declaracións do representante do PC na Permanente nas que acusaba aos recurrentes de estar contra o progreso.

A CIDADE DAS MIL CORES DO PSOE.

Nun recente comunicado das organizacións viciñais, se reafirmaban na sua decisión de loitar na defensa dos lexítimos intereses dos viciños e comerciantes, preguntándose se a decisión do Alcalde e os seus compañeiros de Permanente ia no camiño da construción da cidade das mil cores que prometia o PSOE na sua propaganda eleitoral e laiábanse de coñecer nas mans de quen estaba o futuro da Parcela que fora no seu dia expropriada, como todo o Polígono, para construir o mellor bárrio de Vigo pero que na práctica pretendian servir aos lucrativos intereses dunha multinacional en perxuício dos do conxunto da cidade.

XAVIER B. MARTIÑO.

crónica política

Este é un ano realmente novo. O referendo do Estatuto de Autonomia, cos seus resultados indicativos, veu abrir unha etapa diferente na situación política do noso país. Ante a formulación clara, a nivel eleitoral, do fracaso dunha práctica e dunha alternativa política, típicas do sucursalismo, erguéronse voces múltiples a lanzar lamentacións, disculpas, acusacións e argumentacións xustificadoras. A nengun dos sesudos comentaristas, como naturalmente a nengun dos partidos españois, se lles ocorreu cavilar que estamos asistindo ao fundimento da política de salón e consenso, ao desprestíxio e desenmascaramento dos fraudes"democráticos". O noso país será todo o atrasado que se queira, pero é dabondo conflitivo no seu cerne como para non tolerar nen permitirse o luxo de tragar rodas de muíño. Hai motivos para alegrarse cos resultados do Referendo: mostran que a política da avestruz, o democratismo valeiro "á europea" non teñen base social en Galícia. Aqui ou se fai algo real, en función de sectores sociais populares, ou ninguen se deixa encandilar. A opinión pública de países aos que, con calificativo superficial, se cataloga de "atrasados", é moitas veces capaz, con razonamentos e con intuicións, de descobrir que as cousas non son tal e como llas presentan nen se fan para o seu benefício.

A política española ten un claro talón de Aquiles en Galícia, por máis que se nos teña presentado como o pobo da reacción, confundindo resultados eleitorais, caciqueados e produto da ignoráncia, do medo e da dependéncia, con auténtica dinámica social dun pobo. Agora estáse a demostrar que, mesmo a nivel eleitoral, as cousas van ir cambiando ainda que seña paseniñamente. O noso pobo non tragou a fraude autonómico, non por falta de conciéncia galega senón porque a conciéncia galega é algo tan material e necesário como o direito ao posto de traballo na própria Terra, o fin da necesidade de emigrar a comercialización racional, o direito ao uso da nosa língua en todas as partes, etc, etc. Precisamente, todo o que o autonomismo ven negarnos "democraticamente".

Os partidos e organizacións nacionalistas, aos que se debe unha boa parte, a máis fundamental, da conciéncia existente sóbor do fraude autonómico, están ante unha tarefa de grande responsabilidade: sintonizar con toda a base social que se comeza a liberar do sucursalismo, especialmente nas grandes vilas; reconverter o sentimento de **repúdio** nunha adesión política aos proxectos de soberania nacional; conseguir que o abstencionismo non se asente no apoliticismo que xulga toda política igual. O fracaso do sucursalismo é lóxico. O avantar, o triunfo do nacionalismo, estará na sua capacidade de atracción de sectores até agora distantes, na continuidade da contundéncia, pero tamén da habilidade, da sua política na perseveráncia sen desmaio na organización popular e na práctica social non fraudulenta.

A PONTENOVA

Unha compra conflitiva

A compra duns terrenos por dous tenentes de alcalde do Axuntamento da Pontenova António Rodríguez Trevin e Fernando Rego, desataron unhas das polémicas máis grandes que se recordan desde hai anos neste Município. Unha asamblea masiva, onde se condenou a actitude destes señores e onde se pediu a sua dimisión dos cargos públicos que obstentan no axuntamento, asi como a do señor alcalde por non facer nada por resolver o conflito, é unha manifestación, foron os principais xeitos de presión que deica hoxe se fixeron.

A zona dos fornos de ferro, que forman parte dos terrenos comprados polos dous concellais.

Os terrenos que desataron a polémica son os coñecidos popularmente como os da "Mina". Ocupan uns 40.000 metros cuadrados que foron propriedade da Sociedade Mineira que explotou durante anos o ferro desta zona. Estas minas de Villaodrid-Pontenova comezaronse a traballar polo ano 1.902, dándolle un gran pulo a toda a comarca. Entre os anos 1.912-1.914 habia de 600 a 700 persoas que traballaban aqui, convertendo a Pontenova nun núcleo obreiro importante. Pero cando chegou o golpe fascista do 36 perseguiron a moitos traballadores, mataron a outros e comezou un desmantelamento progresivo do funcionamento. Máis adiante unha compañia alemana arredouna, pero entre o 1.964-1.965 dexou de funcionar dun xeito definitivo.

Os vellos do lugar ainda recordan como traballaban o ferro e como o levaban por un ferrocarril de via estreita deica Ribadeo, desde onde era transportado en barco para Suecia, Inglaterra, Alemania ... Son cousas das que non poden deixar de falar moitos dos que traballaban ali, ou os que vian como medraba a zona grácias a esa pequena empresa mineira.

Estes terrenos dos que vimos falando e que conformaban todas as vellas minas existentes no Município, chegou un momento en que reverteron nos seus vellos proprietários ou nos seus herdeiros. A estes douselles opción se querian mercalos, pero ainda quedaron zonas como as dos fornos, cargadeiro,.. que seguirian en propriedade da Compañia Mineira e que hoxe son as conflitivas.

A Compañia Mineira nunca puxo obstáculos para que o Axuntamento utilizase parte dos terrenos que o pobo sempre esperaba que os comprase cando a Compañia decidise vendelos. Fai anos xa houbo intento de cesión da Compañia a Fernando Rego, pero o axuntamento conseguiu que non se levase adiante. Deste xeito sendo Alcalde Xesus Alonso cedeuse "en precário" un campo de fútbol construído nestes terrenos. Un acordo entre a Compañia e o axuntamento decidiu que se obraria todo o que fixese falta, e que se a compañia pedise o seu desaloxo en 60 dias teria que ser deixado libre.

Neste campo o axuntamento leva invertidos unhos tres millóns e médio de pesetas de asignacións próprias e da diputación para instalacións de electricidade e auga. E por iso un tema bastante popular o do campo de fútbol, xa que o equipo da Pontenova ten uns 200 sócios e moita afición. Por iso os novos proprietários do campo trataron de calmar ao actual presidente, o señor Juan J. Alonso, ofrecendolle moitas facilidades sempre e cando non revolvesen.

NECESIDADES DA COMARCA.

O axuntamento apenas posee terrenos da sua propriedade e por iso xa hai tempo que miraba terrenos que permitirian ubicar as principais obras a facer. Un Mercado Gandeiro, un Centro Sanitário ou calquera obra municipal necesitan unhos terrenos que xa se falara de compralos. Hai un ano e médio os dous tenentes de alcalde e máis Marcelino Fernandez Ferreia, presidente da Cámara Agrária, trasladaronse a Bilbao para negociar coa Compañia Mineira. Non chegaron a nen gun acordo concreto, pero a Compañia prometera que se eran os terrenos para o Axuntamento venderiaos máis baratos. Pero as ansias de negócio fixeron que hai 15 dias os dous tenentes de alcalde fosen pola sua conta e os mercasen para eles. E ahora teñen proprietario "de cerca", como nos dixo Fernando Rego. "Están comprados e ben comprados. E igual que revolvan que que non".

ASAMBLEA E MANIFESTACION

Istos feitos colmaron o vaso, como se ten por costume dicer, e os viciños reaccionaron dun xeito unido e forte. Decidiron crear unha comisión de viciños e facer unha asamblea do Município que se celebrou o dia 20 na sala de festas, onde unhas 400 persoas condenaron a compra destes particulares e pediron a dimisión dos seus cargos no Axuntamento.

A Comisión que naceu pola apatia do Axuntamento no tema formado este por membros de CD e UCD, expuxo á asamblea as consultas feitas con abogados sóbor do tema deica ese intre. Acusouse as duas persoas en cuestión por aproveitarse dun cargo público para o lucro persoal. Como nos manifestaron a nos "as aves de rapiña do Axuntamento xa se ve o que fixeron. O Axuntamento como tal non se movia para comprar os terrenos porque estes dous tenentes de alcalde eran os que manexaban o Axuntamento". Tamén nos dixeron "que como non van dimitir dos seus cargos públicos, hai que botalos".



A participación na Asamblea foi masiva e unha gran parte dos asistentes interviron na discusión do tema.

Como principais medidas a facer decidiron unha entrevista co Gobernador Civil, airear o tema nos meios de Comunicación, e pedir a dimisión dos dous concellais e do alcalde

Pola sua banda os dous tenentes de alcalde asistiron a asamblea e puderon comprobar directamente como o pobo os rexeitaba e pedia a sua dimisión. Só Fernando Rego quixo convencer a asamblea de que tiña direito a facer un bon negócio pero a asamblea rexeitouno e díxolle que como primeira medida debia dimitir. Rodríguez Trevin non quixo falar e cando tratamos de saber a sua opinión para o noso semanário díxonos que "non tiña nada que dicer". A verdade é que foi unha actitude moi lóxica ao ver que todo un pobo non estaba dacordo coa sua actuación. O alcalde, que non asistiu á reunión mostrousenos moi diplomático e díxonos que "se o compraran fora unha cousa mal feita por ir contra os intereses de todo o Axuntamento, pero que el non podia opinar mentres non tuvera comunicación oficial da compra". Non debia de querer mollarse no tema, xa que segundo nos dixeron os da comisión "o alcalde e un titere destes dous concellais". Ademais dise que ten as mans collidas, xa que lle debe cartos a un destes concellais.

Esta asamblea que rematou nunha manifestación até o Axuntamento, parece ser o comezo dunha ampla rede de movilizacións para impedir esta cacicada. Como nos di X. Manuel L. Montes, membro do Bloque, a UCD e CD non fixeron nada para que o pobo se enterase do problema. Puñeron todo tipo de disculpas e xente que se comprometera a vir a asamblea non veu".

Pero a comisión de viciños vai a continuar deica o final e non vai permitir de nengun xeito que salgan coa sua estes dous concellais. Como dixeron na asamblea "vamos a loitar a nivel legal e se asi non chega vamos a facelo de todos os xeitos. Non vamos a permitir que se rian de nos".

Fálase de que os novos proprietários xa están pensando en traer unha pala e facer da zona dos fornos solares para vender. Pero o pobo unido do xeito que o manifestou na asamblea e na manifestación non o permitirá. Non se permitirá a cacicada da compra e presionarase para que dimitan de concellais.

A manifestación celebrada ao remate da Asamblea recorreu o centro de Pontenova, até chegar ao Axuntamento.

XOSE AMADOR.

Hai unhas semanas en Uruguay saltou a sorpresa contestando o pobo con un "non" a un plebiscito militarista. Uruguay, con 10 por cento de emigrantes, meio millón de exiliados, tres mil presos políticos e sindicais, carente de todo tipo de direitos cidadans. "Cada votó "non" será o marxismo e a subversión", auguraba o Goberno. E, xa quizais, na declaración máis própria dunha ditadura "nosotros hemos perdido, ha perdido el pueblo".
Miguel Fernández representante do Partido por la Vitoria del Pueblo, no Estado Español pormenorízanos todo o plebisctio, "o non foi a expresión do enorme ódio do pobo uruguaio os milicos".

MIGUEL FERNANDEZ

"O pobo uruguaio dixo non á Ditadura"

¿Cal era o marco político no que se desenvolveu o pleoiscito uruguaio?.

O marco político no que se dou este plebiscito está un pouco na tónica de sete longos anos de ditadura nos que imperou a represión levada a cabo polo Estado ditatorial, que lanza un plan político que se inscrebe dentro da liña de "lavado de cara" dos réximes ditatoriais do cono sul e que en concreto no Uruguay toma a forma de "Cronograma" que é aprobar primeiramente unha Constitución que o que fai é erguer a categoria de lei todos as actas constitucionais, todos os mecanismos xurídicos que a ditadura cedeu contra todas as leises democráticas, mesmo as leises internacionais da própria democrácia burguesa e que aponta a crear un réxime de ditadura institucionalizada, o que alguns chamaron ditadura autoritária con consenso popular. Todo isto en realidade significa a legalización do terror, a institucionalización das Forzas Armadas no esquema do poder e a instauración dun super poder como Tribunal de Control Político. Esa é o xeito como as FFAA intenta de permanecer no poder. Este esquema guiase no "Cronograma" con eleicións para o ano 81 con candidato único acordado polas camarillas pro ditatoriais dos partidos tradicionais e de non chegar a acordo os próprios militares impoñerian o seu candidato.

A última hora os militares intentaron confundir a opinión o dicer que se votaba un texto e non a sua xestión de moitos anos.....

Dalgunha maneira a ditadura quixo plantexar o plebiscito constitucional como un voto a unha constitución, pero o que está claro é que o que se votaba, e asi o entendia o pobo uruguaio, era a xestión ditatorial de todos estes anos. Proba disto é que a própria propaganda da ditadura coa que se encheu a prensa, rádio e televisión insistian na idea de conservar as adquisicións dos últimos sete anos.

¿Que sentido tiña votar "non" no plebiscito amañado?.

O noso partido veu con xuzteza a necesidade de votar non, ainda nun plebiscito amañado, porque ia permitir que a xente teña oprtunidade de expresar o seu ódio á ditadura. E un segundo aspecto moi importante, que a movilización polo "non" permiteu removilizar ao pobo uruguaio. Faltaban condicións que dou o plebiscito para a movilización conxunta de xente arredor dunha consigna comun, creáronse grupos para o non nos bairros, movilización importante na pintada de paredes, octavillas clandestinas, e todo isto permitira removilizar o pobo uruguaio noutras condicións.

Ainda hai máis aspectos afirmativos de NON

Efectivamente o noso voto NON, o voto do meu partido é un si a unha anistia total, un si a liberdade de presos políticos, retorno de exiliados e restablecimento das libertades públicas e sindicais. O seu cumprimento supón a caída da ditadura pois a anistia non pode vir produto de negociar cos militares. Outras consignas que votou o pobo co seu NON seria a constitución dun goberno provisório de saída politica e unha Asamblea Constituinte de contido popular, e sabemos moi ben que o tema da Asamblea Constituinte depende moito da correlación de forzas. Aí e onde nos procurariamos que os elementos que a compuñeran foran o máis populares posíbeis frente a sectores que intentarian que fose a inversa.

¿Tedes algunha explicación ao feito de que a xunta militar fixera públicos os resultados?. ¿Houbo fraude?.

En primeiro lugar, cando se di que houbo ou non fraude hai que dicer que as condicións en que se dá o plebiscito foron de fraude desde o ponto de vista da existéncia dun terrorismo estatal aberto e impune como desde a propaganda oficial, imposibilidade de que a esquerda se

manifestase, etc. Segundo, a prensa española equivocouse, a corte eleitoral uruguaia está elexida polos militares, non podia ser doutra maneira, non está heredada do pasado. O mecanismo eleitoral certo, que no formal, non estaba tocado pero é certo que a ditadura sempre podia facer unha alteración dos resultados. Nos non dicimos que non houbera alteración pois os NON puderon ser moitos máis, non nos asombraria que en vez do 60 por cento houbera o 80 por cento. O que é explicativo é a sua pr´pria belixeráncia onipoténcia para enfrentarse ao pobo uruguaio. Pensaron que terian unha maioria de consenso no pobo e polo tanto non se preocuparon con tempo. Cun mecanismo virxe no fundamental non preveeron como aplicar o pucheirazo polo menos a un nivel tan abrumador de resultado. A sobérbia vendeunos pois facian propaganda de que o que votase NON era marxista o que significaba que tiñan claro o si. De todas as formas a eles importalles pouco o pronunciamento popular pois non van a ser sensíbeis a este pronunciamento e intentaran algunha compoñenda.

¿Qué perspectiva se vislumbra coa chegada de Reagan á Casa Blanca?.

E difícil preveer a resposta impeiralista e da Administración Reagan a nosa situación. Pero as suas declaracións pre-eleitorais en plan duro cara a America Latina, afirmando que van consolidar as suas forzas na zona é posíbel que dé lugar ao endurecimento e a mantención da ditadura militar en todas as suas facetas e mesmo é posíbel que a Administración Reagan poda manter unha política de endurecimento, pero non se pode dicer que vaia a ser asi. Tamén dependerá moito da actitude que manteña o conxunto da oposición.

Coa aprobación do NON márcase unha nova pauta, ¿qué perspectivas hai? e ¿qué frentes ides tocar primordialmente?.

As perspectivas xiran arredor de tres grandes eixos: primeiro, o da unidade antiditatorial, ese é moi importante para nos e temos insistido repetidas veces na importáncia que hai de promover a nivel político, pola superestrutua e pola base a unificación do pobo en bandeiras comuns, nun Amplio Frente Antidictatorial que incluia desde os sectores revolucionários até a oposición liberal burguesa consecuente e aí imos até o sector encabezado polo senador Wilson Ferrera Dunate, que expresa os sectores máis progresistas do partido nacional ou blanco. Este é o marco no que se define a unidade antiditatorial. Consideramos importante que se constituia este amplo frente que agrupa sen exclusións a todos os sectores que se opoñen á ditadura, que teña duas condicións. sen exclusión porque por ai poderia quedar fora a esquerda revolucinária e que garantice a unidade para a loita.

No segundo eixo, vemos a reorganización do movimento obreiro arredor de estruturas sindicais clasistas. En Uruguay existe unha central única de traballadores, a Convención Nacional de Traballadores CNT, da que nos formamos parte como corrente de esquerda radical e neste senso pensamos que é moi importante que a central sindical e que os traballadores uruguaios clasistas e os militantes do noso partido na central xeren as condicións para unha reorganización sindical que faga que a clase obreira seña un dos elementos en xogo na escena política uruguaia neste periodo, ao mesmo tempo que defenda os seus intereses imediatos de liberdades sindicais, de salários dignos, etc..

A conxuntura permite que en Uruguaiy se desenrolen as formas de loita máis variadas: desde as formas de loita legais ou semi-legais que se poidan dar no movemento sindical até as formas de tipo violento, a nivel popular e a nivel de grupos operativos de comandos armados que van ter un papel decisivo nesta etapa.

O terceiro eixo prevee as movilizacións populares en contra da ditadura de distintos niveis de loita que van desde a modificación na fábrica, nos centros estudantis, até niveis de loita superior que esteñan vinculados a coxuntura política. Hai tempo que abandonamos o conceito da loita armada pola loíta armada. A loita armada serve na medida en que serve nunha determinada coxuntura, na medida en que politicamente se inserta nas necesidades dunha conxuntura.

PABLO VIZ

POLIGONO DE VITE

Nen viviendas nen sociais

Despois de levar dous anos agardando, aos beneficiários das vivendas do Polígono de Vite foronlles entregadas as casas. non obstante, unha boa chea de irregularidades, anormalidades volven a poñer en entredito o "social" destas vivendas. O MOPU esixe unha imediata entrega dos cartos da entrada e mesmo subiu o aluguer das vivendas en máis do doble. Ante todo isto, a Comisión creada xa en novembro do pasado ano por mor do retraso na entrega das vivendas, denúncia a situación na que se atopan as casas que lles foron entregadas.

A história do Polígono de Vite remóntase ao ano 77 cando se levou a cabo a primeira solicitude de vivendas. Ao ano seguinte, realízase outra nova tanda de solicitudes. Só un ano máis tarde o Ministério de Vivenda fai público como ia estabelecer o baremo para repartir as casas entre os solicitantes. Ao mesmo tempo, o Axuntamento comeza a revisar os expedientes presentados polos solicitantes.

A pesar de que as vivendas xa estaban rematadas desde o ano 79, o MOPU paraliza o proceso de entrega porque habia trintá expedientes sen revisar. Non obstante, a UCD envia os expedientes á delegación de Vivenda da Coruña, coa oposición de várias das forzas políticas da Corporación municipal, que acordaron non firmar o envio de expedientes á delegación da Coruña sen que se revisaran os trinta expedientes que faltaban.

No ano 80 estabelécese un prazo de 15 dias para presentar toda a documentación aqueles que quixeran ser bebeneficiários do Polígono. Despois dunha série de peticións, o MOPU decide ampliar o prazo. Pideuselles aos adxudicatários unha exacta e ampla relación da sua situación. O prazo remata o 31 de outubro.

O MOPU DECIDE A IMEDIATA ENTREGA DAS VIVENDAS.

O que aconteceu foi que de pronto as vivendas do Polígono sortéanse e mesmo fálase da sua imediata entrega. O 26 de novembro, o BN-PG convocara unha asamblea, a que asistiron máis de 250 persoas, para denunciar ante os afectados a situación de irregularidade na que se atopaba a entrega das vivendas de Vite. Da Asamblea saliu elexida unha Comisión de Afectados encargada de organizar as accións precisas de cara a que a entrega das vivendas fose imediata e mesmo se clarificasen as condicións de pago. "Entón é cando o MOPU resposta —segundo nos dician membros da comisión— dicindo que as casas vanse adxudicar de imediato, e curiosamente despois dunha roda de prensa que celebramos posteriormente". "Se o sorteo se fixo imediatamente foi porque o MOPU soupo que estabamos organizados e que non estabamos dispostos a que se continuase xogando cos nosos direitos. O que intentaba o MOPU con esa acción era romper a nosa unión e deixarnos de novo indefensos. O sorteo fíxose pola nosa presión e o sorteo fíxose ao dia seguinte de aparecer a lista definitiva dos últimos 45 adxudicatários. Sorteo que se fai incluso antes de que os interesados podan xustificar ante o MOPU, como é preceptivo, os motivos polos que non poden chegar aos pisos altos, o que pode significar que algunha família con algun membro impedido lle toque o terceiro piso no sorteo e vai precisar un novo sorteo porque a quen lle toque o primeiro pode non querer cedelo. Tampouco se concedian os dez dias preceptivos para estes últimos 45 adxudicatários para presentar o título de família numerosa, co que pode tocarlles a unha destas famílias un dos pisos pequenos que non teña espácio dabondo".

Mentres, a prensa oficial publica todo o que o MOPU di "aclarar" sobre o problema das vivendas de Vite. Pola contra, siléncianse as cartas de resposta ao MOPU que a Comisión manda. Asi, o 4 de decembro máis de quinientas persoas maniféstanse polas ruas de Santiago esixindo a imediata entrega das vivendas.

Ao dia seguinte sai publicada na prensa oficial outra nota do MOPU no senso de que se van entregar as vivendas. Deste xeito, lévase a cabo unha primeira entrega de 269 vivendas.

ANORMALIDADES NA ENTREGA

Despois de que foran adxudicadas as 269 vivendas, o MOPU da un prazo de sete dias para pagar a entrada, cantidade que viña a supoñer máis de 100.000 pesetas e que a gran maioria das famílias pola sua situación, moitos son pensionistas, outros están no paro ou xa o teñen rematado, e cáseque todos cun soldo mínimo, vese imposibilitada de pagar. Desde xeito, a Comisión de Afectados trasládase a Coruña para negociar co Delegado de Vivenda de cara a que se amplie o prazo de entrega da entrada. Consíguese que o prazo se amplie até o 31 de decembro.

Pouco tempo despois, e nunha segunda conversa co delegado e inspector do MOPU inténtase negociar o pago das mensualidades.

"Nun primeiro momento —seguennos a dicer membros da Comisión— dixeron que o aluguer das vivendas non pasaria das duas mil pesetas mensuais, non obstante atopámonos con que agora pidennos entre seis e oito mil pesetas, cando que as famílias que perceberon as casas gañan 12.000, 16.000 pesetas mensuais e o salário máximo dalgun de nos é de 36.000 pesetas". Ao mesmo tempo envianse cartas ao MOPU aclarando a situación na que se atopan a maioria dos beneficiários do Polígono.



ALBAN

As vivendas do Polígono de Vite non reunen as mínimas condicións de habitabilidade.

DEFICIENCIAS NO ESTADO DAS VIVENDAS.

"A maioria das casas teñen unha boa chea de deficiéncias, grietas nas paredes, as portas teñen cerraduras dificultosas, hai moita humedade, os cristais son máis pequenos que os marcos, os azulexos da cociña caense, a cisterna do water bota a auga por fora, o sintasol está levantado...

E mesmo nalguns bloques non hai luz nas escaleiras e nalgunhas vivendas nen hai luz nen hai auga".

Cando a Comisión foi falar co Inspector de Vivenda, o funcionário que os atendeu diante das protestas do mal estado das casas, respostoulles que "a entrega debeuse a presión e por cuestións políticas e se están mal é polas presas"

Na última conversa que mantiveron representantes do BN-PG, e o Delegado de Vivenda, éste dixo que non estaba disposto a receber aos afectados porque "eu son un cargo político e non técnico" Asi as cousas, cando os membros da Comisión intentaron falar co inspector de Vivenda non o puderon facer porque "está de vacaciones"

X.C.

Jofil
MASTER DA POPULARIDADE
FOTO · DISCOS
CINE CASSETES
GENERAL FRANCO, 68 TELF. 325047 · O FERROL

Libreria COUCEIRO
ESPECIALIZADOS EN LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES
R. de El Salvador, 9 Tel. 595812
SANTIAGO

SERVICIO DE CONTRATACION
gsm sindicato galego da música
OFRECÉMOSLLE
a maioría dos grupos, orquestas, bandas, gaiteiros e atraccions de Galicia.
mais servicios, mais comodidade e unha estricta legalidade na contratación
NON PAGUE INTERMEDIARIOS, CONTE CON NOS
SOLICITE INFORMACIÓN
CALLE NUEVA, 12-LOCAL 8-APARTADO 1.131-SANTIAGO
TELEFONO 59 98 98
alba SOLOMUSICA
INSTRUMENTOS MUSICALES
TELEFONOS 85 05 97 - 85 53 59
SAN ANTONIÑO, 20 · PONTEVEDRA



O POPULISMO GALEGO

RAMON L. SUEVOS

O populismo é unha ideoloxia típica das clases médias, elaborada pola intelectualidade democrática en sociedades agrárias en trance de descomposición polo ascenso do capitalismo. E unha resposta ao desenvolvimento do capitalismo ambivalente verbo do orde establecido, pois cuestiona o estado presente da sociedade sen asumir a dialectica historica. A ideoloxia populista é interclasista, ambígua nas suas formulacións concretas, sempre imprecisas conceitualmente, que rematan as máis das veces no positivismo.

E tipico do pensamento populista suliñar a resistencia das institucions comunitárias e, en xeral, a coesión da vella sociedade rural perante da penetración capitalista. Unha sociedade que, todo hai que dicilo, ás veces se idealiza dun xeito absolutamente reaccionario. Pero tamén é populista o agrarismo antifeudal, expresión ideolóxica da loita contra as formas feudais de explotación do labrego. Iso si, todas as variantes do populismo teñen en comun unha ignorância do papel que lle vai cumprir na dialectica social á clase obreira emerxente (certamente minoritária ali onde pula o pensamento populista). Para os populistas o capitalismo e unha sorte de excrecência artificial que vai contra do "espírito" dos seus pobos.

Porén, isto non significa que todas as variantes de populismo se declaren incompatíbeis co desenvolvimento economico. Existe unha corrente dentro do populismo oposta non tanto á industrializacion **per se** como a industrializacion capitalista, que enfatiza a evolución desde o próprio e mesmo postula o "brinco" desde o precapitalismo ao socialismo. Imos vendo, pois, que para unha axeitada valoración do fenómeno populista cumpre especificar condicións de tempo e lugar, isto é, facer "analises concretas de situacións concretas".

En termos xerais, o populismo caracterízase por un peculiar apoliticismo. Este apoliticismo nada ten que ver co anarquismo e pousa na ideia da primacia da sociedade civil sobre o Estado, nunha suposta contraposicion entre os obxectivos sociais e politicos da loita popular. No populismo non hai unha teoria do poder. Esta visión plasmouse historicamente nun antiparlamentarismo militante, entendido como un puro **specimen** "occidental" (¿houbo algun populismo **realmente** europeista?), que se descrebe como un sistema politico corrupto e, diriamos aqui, caciquil.

O populismo enfatiza todo o autoctono, a cultura própria, os valores próprios, as institucions proprias ¿como senón fundamentar a "excepcionalidade" de determinados pobos con respeito a unhas presuntas leis do devir historico?. Os populistas mergullanse no direito consuetudinario, antepoñendo o costume a lei, para coñecer o espírito popular, e, na sua representación mais proctive ao "socialismo agrário", farán especial fincape naquelas institucións de tipo comunitário que cumpre restaurar en canto elementos imprescindíbeis para a rexeneracion "moral" do país: formas de colectivismo agrario e pesqueiro, comunidades de augas, dependéncias explotadas en comun polas comunidades de base, formas de axuda mútua, etc.

Os populistas apóntanse á socioloxia subxectiva. Entenden que o elemento subxectivo pode alterar as leis da história, que o que "é" ou "será" non ten por qué "deber ser". O pensamento populista asóciase cunha defensa da ética -nas nosas latitudes tomando a forma dun humanismo cristiano- e cun estrito individualismo, ainda que semelle paradóxico. Velai a importáncia que alguns populistas teñen concedido ao elemento educativo e cultural: trátase de cambiar os homes para cambiar as estruturas, de rexenerar moralmente a sociedade, de "dignificar" a vida social toda (outra raiz do apoliticismo populista).

Naturalmente, todos estes rasgos non son identificabeis en nengun dos persoeiros do galeguismo histórico, pero, ao meu entender, axeitanse en liñas xerais ao que foi o pensamento social do primeiro nacionalismo galego. Partindo destes presupostos, nas condicións concretas de Galiza, enténdese a influencia das "Asambleas Agrárias" sobre o incipiente nacionalismo galego, o nacionalismo cultural das Irmandades da Fala, o que tarda o nacionalismo galego en se dotar dunha expresion política propria, que chega cun Partido Galeguista moi interesado, sintomáticamente, en "galeguizar" a todos os grupos politicos que operan no país, "dignificar" a vida politica de Galiza, etc. Polo demais, é claro que Risco encaixa bastante ben no esquema populista, na sua faciana mais conservadora (óllese a "Teoria do nacionalismo galego" e máis "O problema político de Galiza"), que Villar Ponte é encasillábel no esquema ("Pensamento e sementeira"), que o antiimperialismo de Castelao representa a plasmación máis progresiva desta corrente de pensamento ("Sempre en Galiza"). Lonxe xa da Guerra Civil, é populista o pensamento que destila a Revista de Economia de Galicia ("Economia e sociedade en Galicia. 1958-67").

¿Como valorar este fenómeno?. Ao meu entender, unha correcta comprensión do populismo galego pasa por asumir que este non so constitui unha resposta ao desenvolvimento do capitalismo en Galiza senon tamén un posicionamento orixinal respeito aos problemas específicos que tal feito leva aparellados nun país agrário atrasado e que padece unha opresión colonial. E unha reacción verbo do capitalismo, pero tamén verbo do "socialismo estatal", na percura da identidade própria, dunha nova concepción do progreso histórico, non sempre utópica, como mostra a crise actual do "desarrollismo".

Nunha nación colonizada, algunhas das debilidades do populismo esvainse ou resultan ser secundarias. Non é igual denostar un capitalismo autoxenerado que un capitalismo comandado desde o exterior, que veicula unha cultura allea e que se desenvolve con gravísimos custos sociais. A loita contra a opresión nacional e colonial comporta sempre un certo interclasismo. Ese é un feito obxectivo, como tamén que encerra un contido específico de clase perspectiva desde un contexto máis xeral. E progresista a loita polos valores próprios nun país culturalmente asoballado, onde as institucións xenuínas son sistemáticamente ignoradas polo Poder, onde a "xenofilia", a "colonización espiritual", a "autocolonizacion", a "autoxenreira", nunha palabra, o máis absoluto alleamento da dimensión colectiva está á orde do dia. Non podemos suscreber a posición no eido político do populismo, pero ¿qué dicer dun sistema político corrupto, caciqueado, onde sempre seremos unha minoria eleitoral? ¿acaso o nacionalismo non desenvolve en todas partes formas específicas de loita?. Además, ¿non demostrou a história que non existe un esquema lineal de evolución das sociedades, que os modos de producion precapitalistas non desaparecen da noite para mañá, que mesmo o desenvolvimento do capitalismo pode contribuir a **reproducion** de formas de producion precapitalistas?. Por riba ¿con quen confrontar as teses populistas? ¿co noso "marxismo legal"?... Con perspectiva histórica cumpre concluir que o populismo galego foi obxectivamente progresista.

Hoxe as cousas son distintas. Tomemos o exemplo de Risco. Na hora presente seria particularmente grave suscreber iso de que "aqui todos vivimos do paisano", de que obreiros e labregos non teñen "nengun interés comun", de que a Galiza interésalle "conservar o seu sistema de economia familiar", de que o cooperativismo é un sistema de alcance universal para os problemas galegos. Obviamente, a contradición fundamental en Galiza non é a contradición cidade/campo, nen Galiza se identifica exclusivamente co mundo rural e mariñeiro, nen a Galiza do futuro será unha "célula cooperativa" e si capitalista ou socialista, nen a nación galega é categorizábel como un fenómeno natural senón histórico e de clase...

Os populistas galegos plantexaron problemas certos e desde Galiza, e ao facelo asi sentaron as bases para o desenvolvimento dun pensamento marxista autóctono. Hoxe existe un pensamento marxista galego que ten integrado canto de positivo habia nas propostas populistas, incluido o seu antiimperialismo, pero debe ficar claro que asumir os presupostos do nacionalismo popular non é facer populismo. Para os marxistas galegos, a Revolución Nacional-Popular resolve a contradición principal na presente etapa da Revolución Socialista Galega. Nen menos, nen máis.

Noticias da semana

VIGO

PROXECTO DE CREAR A FILMOTECA DO POBO GALEGO

Os organizadores do Primeiro Encontro de Cine de Autor que se está celebrando en Vigo, tratan de fundar a Filmoteca do Pobo Galego, onde se recollería e clasificaria todo o material filmado en Galicia e posibelmente todo aquel relacionado coa nosa terra.

Os trámites burocráticos xa comezaron e disponse duns locais cedidos polo Axuntamento vigués, onde se poderia instalar a primeira sede provisional. Os seus fins son amplos e entre as tareas principais márcanse as de recuperar todo o material con valor histórico inédito e ignorado que están en mans de particulares nunhas condicións más, correndo o perigo de perderse.

BUEU

DISCRIMINACIONS DA DIPUTACION

A negativa da Diputación Provincial a concederlle o Axuntamento de Bueu subvención no plan de infraestrutura deportiva é considerada polo alcalde de Bueu como descriminatória e falta de equidade.

A mostra palpábel de que Bueu carece de instalacións deportivas é posta de manifesto polo feito de que o equipo representativo de balonmano ten que desprazarse a Darbo-Cangas para disputar os partidos, por carecer de posibilidades no Município.

O alcalde está a espera da comunicación oficial da Diputación para tratar o tema no pleno corporativo e adoptar, se procede, a presentación do recursos contra a decisión da Diputación.

MILLONS PARA VILAGARCIA

Uns mil millóns de pesetas correspondentes ao terceiro prémio do sorteo de loteria do neno, celebrado o pasado dia 3, tocáronlle ao número 43.886, que venderan na Administración de Loteria número 1 de Cambados. O repartidor do número da sorte foi o proprietario do bar Saboy de Vilagarcia, quen cheo de ledícia manifestou que os números estaban moi repartidos e que a maioria da xente que lle tocou era humilde.

SUPRESION DO SERVICIO DE INSEMINACION ARTIFICIAL NA CORUÑA

A provincia da Coruña, pioneira na implantacion da inseminación artificial no estado Español, pode quedarse sen servício ao suspender a Administracion o suministro de semen e nitróxeno líquido, preciso para conservación.

Baixo o pretesto de aforrar estase a ponto de quedar sen unha axuda que mellorou grandemente a calidade do gando, permitindo aforrar a importación de moito gando selecto por producilo aqui. As consecuéncias son, segundo todas as opinions, catastróficas, producíndose protestas desde o Colexio de Veterinários até partidos políticos.

Tras conecer a boa nova do prémio, a ledicia e o bon humor desbordouse a raudais.

NACE O SINDICATO GALEGO DA MUSICA

O Sindicato Galego da Musica acaba de constituirse recentemente, sendo presentado en Santiago o pasado dia 2. Segundo os seus promotores creouse coa idea de erradicar os centos de intermediários que xurdiron no sector. Entre os seus obxectivos márcanse os de revitalizar as actuacions de grupos galegos en todas as províncias galegas e o de conseguir abaratar as entradas. Coa sua creación favorecerase aos músicos e aos organizadores dos actos.

A HISTORIA DA FILOSOFIA EN GALEGO.

O libro "Historia da Filosofia", que acaba de ser publicado recentemente, é o primeiro sóbor do tema na nosa lingua. Os seus autores son Ramón Regueira Varela, Ramón Area Míguez, Ramón López Vázquez, Manoel Regueiro Terneiro e Manoel Rivas Garcia, que xa publicaran outro libro sobor da introdución á filosofia.

O presente libro pensouse para alunos de COU e os seus autores pretenden completar o labor neste campo coa edición doutro volume sóbor da história da filosofia galega.

OLEIROS SEN EMISORA MUNICIPAL.

O recurso interposto polo Axuntamento de Oleiros contra o precintado da emisora municipal por orde do Gobernador Civil da Coruña o pasado 24 de Xullo de 1.980, desestimouno a sala do Contencioso Administrativo da Audiéncia Territorial da Coruña.

A resolución baseouse en que segundo o Gobernador Civil da Coruña o Axuntamento de Oleiros non xestionou o máis mínimo a concesión. Isto negouno o alcalde de Oleiros, quen afirmou que se fixera o mesmo que coas outras do Estado que estan funcionando.

OS EMPRESARIOS GALEGOS CARA O PARLAMENTO

A confederación de Empresários galegos, que preside Alvaro Rodríguez Eiras, está disposta a ter representación própria no Parlamento Galego que se constituirá proximamente ou ben apoiará o Partido Popular Galego.

A cantidade de 100 millóns de pesetas, dos que dispón esta Confederación de Empresarios é todo un aliciente para a campaña ao Parlamento Galego ou para presentarse a calqueira eleición que seña.

DOUS MORTOS DE MENIXITES EN LUGO

Duas persoas morreron de meninxitis na província de Lugo no que via de ano, co que parece que vamos bater un record, ainda que segundo os espertos neste mes é un dos máis propícios para estes sucesos. Como xa é costume na província de Lugo, os enfermos e mortos de meninxites hai épocas en que deixan de ser notícia para ser algo normal.

XUICIOS A PESQUEIROS GALEGOS

O próximo dia 27 de xaneiro comezarán en K illarney (Irlanda) os xuicios definitivos contra os pesqueiros galegos apresados nos caladeiros do Gran Sol.

A notícia, que foi facilitada pola Embaixada de España en Dublín á Asociación Provincial de Armadores de Buques de pesca da Coruña, enmarcase nos recentes xuicios que sofren diversos pesqueiros galegos por non poseer licéncias.

CONFLITO NA FLOTA PALOMETEIRA DE VIGO

Os armadores da flota palometeira de Vigo decidiron amarrar os barcos até que non teñan concedida unha subvención que consideren suficiente para compensar os aumentos de carburantes acontecidos ultimamente.

A decisión dos armadores afecta a unhas 46 embarcacións, onde se enrolan unhos 266 mariñeiros. Segundo os armadores a sua situación é crítica e só a axuda da Administración pode sacalos da situación, xa que outra proposta sua para reducir a parte proporcional correspondente aos mariñeiros foi rexeitada por eles.

A mesma postura adoptada polos armadores vigueses tomárona os de A Guardia, segundo os cales a subida do combustíLel afectalles dun xeito moi forte.

Hemeroteca

MENSAXES DE ANO NOVO DOS XEFES DE ESTADO AFRICANOS

"Robert Mugabe, presidente de Zimbabwe, nación nada á independéncia o pasado ano en Africa austral, manifestou en Salisbury, capital do Estado, que 1.981 "será o ano da consolidación do poder popular".

"En Brazzaville, o presidente da República Popular e Revolucionária do Congo, sinalou que a política exterior do seu país non exclui a cooperación con calquera país que o desexe. Tamén insistiu no apoio do seu goberno e do pobo congoleñao aos movimentos de liberación e dos pobos en loita contra o colonialimo, especialmente en Manibia, Angola, Tchad, Palestina...".

"Sexon Toure, de Guinea-Conakry, exaltou os valores da independéncia e liberdade dos pobos e fixo un chamamento a todo o continente para a creación de "os Estados Unidos de Africa".

"Seguiremos, a pesar das dificuldades, coa nosa política de independéncia, para sermos nós mesmos e contribuir desde a nosa posición á edificación dun mundo máis solidário" suliñou Abdou Diouf, novo xefe de estado senegalés.

Faro de Vigo, 3-I-80.

INMERSOS NO AFRICANISMO

"O referendo serviu para aclarar posicións. Unha, civilizada e honesta, sostida polos partidos parlamentários e extraparlamentários... A Galícia futura correspondelles. Nas suas mans queda depositada.

A outra posición era numantticia con áditamentos leninistas. Nunca se viu tan despropósito. A miña vicindade está chea de escoitar os "nons" por calquer parte e por calquer motivo. A miña vicindade está farta de escoitar tonterias nos beizos de redentores-mesias. A miña vicindade está cansada do continuo boicot ás institucións democráticas. A miña vicindade está preocupada polas peleas dos galos que marmuran abominacións. Os que non están con eles, son enemigos, son axentes bastardos do imperialismo español-colonialista. Esta patolóxica obsesión de considerarse detentadores exclusivos do fervor patriótico, destila horrores, e enxendra atrocidades. Viven nunha perpétua metonímia: o todo pola parte. Dai a absurda consigna: "Os galegos en unión votamos NON". Outra vez o pareado fácil. O sonsonete. O eco do tan-tan africanista".

Avelino Abuin de Tembra
"El Idela Gallego", 7-I-80.

DO REXIONALISMO AO SEPARATISMO

"O galeguismo fundouse na realidade sobre o fondo lírico e romántico que xurdiu a meiados do XIX, á sombra de Pastor Diaz, Añón, Antolin Faraldo, e, sobre todo da voz popular de Rosalia de Castro. Pero se agora mesmo releemos a obra de Alfredo Brañas "El Regionalismo", editada en Barcelona en 1.899 e escrita no ampuloso e retórico da época, veremos que se trata dunha espécie de "momento" xeremiaco e lacrimoxeno, onde se cantan as riquezas de Cataluña e as desgrácias de Galícia "pobre e infeliz que se ergue sobre o pó da sua humillación".

Nen o catalanismo, nen o vasquismo nen o galeguismo —no senso pexorativo da expresión— terian nada que facer nun país poderoso e endereitádo cara a prosperidade. Estes tumores brotaron sobre o corpo ibérico nunha crise de anémia perniciosa que segue acentuándose e que pode chegar a disolver o Estado polo menos se non terman do caos imperante homes máis enteiros e con cerebros máis lúcidos.

A realidade está aí: comézase en xogos florais, séguese por rexionalismos, e acabase en separatismos. (En Galícia xa hai un partido separatista, mais forte e mellor organizado que o "galleguismo" de Castelao, que non contou con figuras capaces de heredalo".

Luis Moure Mariño.
"El Progreso", 3-I-80.

EUROCOMUNISTAS E MEMBROS DA TENDENCIA "BANDEIRA BRANCA" QUEDAN FORA DA DIRECCION

NUMEROSOS CADROS DE COMISIONS OBREIRAS INCORPORANSE AO NOVO COMITE CENTRAL DO PSUC.

"Na madrugada de onte houbo dentro do sector "prosoviético" unha certa sensación de que se estaba indo demasiado lonxe. En consecuéncia este sector freou a sua actitude inicial de impoñer critérios moi estritos a nivel estatutário e programático. O resultado disto foi que o pleno refugara a proposición, aprobada en comisión, de que o partido non adoptara, nos seus estatutos, a definición de "partido laico". Tamén se omitiu toda referéncia aos desexos de alcanzar unha "república federal".

"El Pais", 7-I-80.

DA ECONOMIA POLITICA

DANIEL MAGARIÑOS.

O grupo de profesionais que se responsabilizará desta Sección congratulámonos de que A NOSA TERRA veña de otorgar nas suas páxinas un espácio semanal a temas económicos. Os coñocimentos económicos son ben importantes e, porén, ben escasos na nosa sociedade.



A explicación non é difícil de encontrar, pois a Economia Política é produto das duas clases que históricamente veiculou o capitalismo: a burguesia (economia convencional) e o proletariado (economia marxista); mais Galícia foi, ate hai pouco tempo un país no que as formas de producion precapitalistas eran dunha preponderáncia cuantitativa esmagante. Por outra parte, o ensino da ciéncia económica foi sistemáticamente esquecido nos Plans de Estudos do BUP; no tocante ao Ensino Superior, durante moito tempo estuvo relegada as Escolas de Comércio e, marxinalmente, ás Faculdades de Direito. Os primeiros Licenciados en Ciéncias Económicas pola Universidade de Santiago son dos anos setenta. A maioria están desempregados ou subempregados outros emigraron, os máis deles participan do complexo de colonizado e ollan para Galiza desde fora. Apenas existen institucións onde se poda desenvolver un traballo minimamente sério e honesto. A "Revista de Economia de Galicia" non logrou sobrevivir unha década (1.958-67). Cáseque todos os meios de comunicación social son voceiros ao servício do imperialismo, fornecendo decote unha visión deformada ou falsa da nosa realidade.

Acontece ademais que para unha correcta comprension dos fenómenos ecónómicos non abonda co 'sentido comun", nen a apariéncia externa coincide coa realidade última que expresan. Na Economia Política tratamos con cuestións que nos tocan moi de perto (e en primeiro lugar, tocan os nosos intereses o que resulta especialmente perturbador) e utilizamos unha terminoloxia para designarmos conceitos científicos moitas veces cuspidiña da utilizada na linguaxe coloquial con acepcións diferentes, oqse induce a confusión Poñamos por caso, a noción corrente de "capital" en pouco se parece á sua acepción económica convencional ("meios de produción producidos"), que o marxismo, á sua vez estima incorrecta; para a análise marxista a realidade última do capital e ser unha relación social. Outro exemplo hoxendia todos mantemos relacións cos bancos e, non obstante, só unha específica formación económica permite captar o importante papel que lles cumpre nas economias contemporaneas.

Partindo daqueles feitos concretos en que se plasma a nosa realidade económica, intentaremos fornecer un marco interpretativo susceptíbel de explicar a sua lóxica e conexión interna. En definitiva os "dados" non falan por si sós. Máis ainda o que é dado é xa produto dunha reflexión prévia que cumpre explicitar pulir e teorizar progresivamente.

Pretendemos non só interpretar mais tamén valorar, isto é fornecer un arma para a confrontación ideolóxica e política co españolismo de toda caste. Somos belixerantes, non concebimos unha ciéncia económica neutral, imparcial. Trataremos de ser obxectivos non imparciais. Ninguen é imparcial e o máis honesto e recoñecelo explicitamente.

Precisamente porque non se trata só de comprender a nosa realidade senón tamén de transformala, enfatizaremos aqueles dos seus aspectos particularmente conflitivos, contraditórios, que definen a dialéctica social de Galícia e, xa que logo, preanuncian o futuro, un futuro que en todo caso teremos que construir. Na altura que estamos a vivir ihaberá ainda que xustificar a concepción da economia como unha ciéncia social !.

Entendemos que o noso cometido non é tanto divulgar en abstracto a nosa realidade económica como facer iso aqui e agora, isto é, tendo en conta como o leitor médio visualiza a nosa economia e sociedade toda. Por conseguinte, suliñaremos aqueles aspectos da estrutura económica de Galícia que, pese a sua relevância, son esquecidos nas análises económicas habituais ou aqueles outros sobre os que se ten difundido unha visión deformada que atranca un cabal coñocimento da nosa realidade. Somos conscientes de que cumprirá facer todo iso nuns termos que fagan a exposición accesíbel ao leitor médio de A NOSA TERRA, non profesional da economia. Pretendemos facer divulgación, pero nunca exenta de rigor, sen cair na demagoxia.

De acordo con estes presupostos, en semanas sucesivas iremos analizando diversos aspectos da economia galega, ás veces considerada no seu conxunto, ás veces centrándonos nos seus elementos compoñentes (poboación, recursos, sectores específicos, etc.).

Pretendemos combinar o comentário sobre temas de actualidade co exame de cuestións de índole máis atemporal. Deste xeito, aparecerán nesta Sección traballos que versan sobre matérias de natureza propriamente estrutural, pero tamén haberá outros que marquen o noso posicionamento sobre aqueles problemas candentes que se susciten en cada momento concreto e, no seu caso, sobre as medidas adoptadas para resolvelos. Englóbase aquí o exame da política económica española en canto incida na economia galega, os proxectos de inversión en Galícia que promove a chamada iniciativa privada. Ocasionalmente, recensionaremos aquelas publicacións que xulguemos de interés por razóns tanto económicas como políticas, sempre que a sua temática verse sobre economia galega ou, sendo de índole máis xeral, garde unha afinidade estreita coa nosa problemática (teoria do subdesenvolvimento, estrutura económica doutras nacións colonizadas, etc.).

O campo que pretendemos abranguer é, certamente, moi amplo. Non sempre atinaremos co tema idoneo nen o transmitiremos axeitadamente ao leitor. E o noso propósito enmendar sobre a marcha as faltas que se perceban e esteña na nosa man eliminar. Por iso, esta Sección fica aberta a cantas suxeréncias, opinións ou críticas, queiran formular os nosos leitores. Sen tensión dialéctica non hai cámbio, superación, progreso. A dialéctica autor/leitor non é unha excepción a esta lei universal.

Don Augusto

XOAQUIN MARIN

Os resultados das eleicións sindicais veñen de rematar, cando menos os escrutados no período acordado como válido a tales efeitos. O sentido formal das eleicións rematou e cada sindicato fai as suas valoracións que lle van permitir ir trazando o seu futuro campo de actuación sindical. Desde a óptica galega o ponto máis destacábel por todas as partes é o do avance do sindicato nacionalista ING-CTG e a sua preséncia institucional que ben de conseguir superando claramente a traba do 15 por cen. CC.OO. e UGT mantéñense máis ou menos na liña de implantación que tiñan, mentres a USO queda bastante descolgada.. Un futuro sindical novo xa se albisca perto. Moitas políticas até hoxe bastante teóricas levaránse agora a práctica. A política sindical ten o camiño aberto.

BALANCE DAS ELEICIONS SINDICAIS

O SINDICALISMO NACIONALISTA CON PRESENCIA INSTITUCIONAL



Manuel Cortegoso, secretario xeral da USO Galicia, "vexo estas eleicions como menos positivas do que tiñan que ser para o movimento obreiro. Para min a participación foi moi baixa".

As eleicións sindicais ocuparon a atención da vida política galega, fundamentalmente desde o 15 de marzo do 80, data que pactaran os sindicatos estatais e a CEOE o acordo de aceitar como válida do cómputo dos resultados eleitorais.

O proceso eleitoral comeza en toda Galícia con gran pulo e forza por parte de todas as centrais; pero non dun xeito moi claro e moito menos democrático, como se podia demostrar coas normas e feitos concretos que tendian a beneficiar ás centrais estatais. A intimidación e o medo tamén xogaban a sua baza, xa que coa situación laboral do país, moitos traballadores non se arriscaban a perder o posto de traballo sóbor de todo cando as suas pretensións eran as de presentarse por unha central que non agradase moito aos círculos empresariais. Despidos de candidatos, coacións de todo tipo ian sementando o camiño da etapa das eleicións sindicais, onde a militáncia das centrais sofria unha ocupación máxima Empresas con poucos traballadores, sóbor de todo as de menos de 10, onde habia que buscar firmas da maioria para poder realizalas, formar mesas, buscar candidatos xuntar a xente, explicacións de programas,... ocupaban moito tempo e obrigaban a esforzos de traballo que non eran os habituais de todos os dias.

A loita por consolidar os sindicatos, por facer as eleicións, por gañar en delegados, eran a constante de cada dia. O prazo trazado nun princípio do 15 de outubro ao 30 de novembro foi alongado ao 31 de decembro, véndose nesta etapa, dun xeito máis acelarado, o apoio a UGT e a USO por parte da patronal Segundo pudemos comprobar nestes últimos dados é cando máis irregularidades se podian constatar.

O IMAC, que apenas funcionou, só constataba os números que lle chegaban, pero en nada trataba de ser o organismo independente que garantizase unhas eleicións honradas. Moitos chanchullos foran pasados por alto, como nos constataron as centrais sindicais, por mor das comprobacións dalguns sindicatos para desenmascarar eleicións en empresas que xa cerraran facia tempo, ou casos moi típicos de pucheirazos e cazoladas moi típicas dalguns sindicatos, sóbor de todo dos claramente apoiados pola patronal. Neste aspecto tamén é sintomático que o IMAC esté só constituído nalguns sítios, co cal favorecerá que os resultados oficiais tarden máis tempo en coñcerse oficialmente. Mesmo é curioso que o IMAC se constituia onde a UGT ten maioria, e onde este sindicato non ten a maioria dos delegados non lle importa a sua constitución e teima porque siga asi. Deste xeito eles seguirán firmando os convénios, ainda que estén en franca minoria e non hai nengun organismo que se poda meter con eles. Seguen sendo os reis e señores.

ELEICIONS CON NENOS BONITOS.

Sempre houbo xente mimada e comparsas de turno, polo menos iso ecostumbrabánnolo a dicer nosos abós cando éramos pequenos. Pois no caso desta contienda eleitoral pudemos constatar e escoitar de todos os sindicatos, que os favorecidos e mimados foron a UGT e a USO. E segundo chegou a nosa redacción, nalgun caso que habia só a competéncia de CC.OO. e da ING-CTG, o apoio iase para a alternativa menos galega e menos comprometida coa realidade. Asi viuse como en nalgun centro de traballo tuvo favoritismo con respeito á central nacionalista, sendo reprimido os seus membros electos en várias empresas de Lugo, Ourense e Pontevedra, sóbor de todo.

En moitas empresas pequenas o apoio, principalmente a UGT, foi moi claro, xa que o próprio empresário chamaba ao sindicato e presentaba o candidato.

Noutros casos ainda era máis curioso, xa que mandaba as actas e asunto concluído Outras veces buscáballe todas as pesquisas legales aos outros sindicatos para intentar anular a eleición ou para tratar de que non se levasen a cabo. Non podemos olvidar que algun empresário buscaba as disposicións legais con pontos e comas haber se atopaba impedimento

Non obstante cando foi o caso de Eurofrio, na Coruña, que se ameazaba os traballadores co despido senón votaban a UGT, non houbo demasiados impedimentos legais e si toda unha alfombra de rosas para este sindicato.

O certo é que durante todo o desenrolo eleitoral a patronal participou e belixerou para influir co seu peso moito en certos sectores dos traballadores. Outras veces participou co seu peso vivo favorecendo asambleas e certos sindicatos co fin, sobor de todo, de que non se consolidasen "esos galleguistas de la ING' no bon dicer dun empresário da Coruña que non lle debia de querer moi ben a devandita central ou que polo menos non mostra.

Fruto deste favoritismo son os resultados que hoxe temos, que mostran unha forte incidéncia na pequena empresa da UGT, onde o chanchulleo vese favorecido por todos os lados. A historieta do empresário que colle o Pepiño para delegado, e que sabelo estaban na UGT tet que pasar á história e non foi moi lonxe da chaira luguesa.

O PANORAMA SINDICAL ELEITO.

A luz dos resultados obtidos nestas eleicións pódese dicer que o panorama sindical galego quedou estabilizado coa forte preséncia das tres centrais sindicais, que son CC.OO. ING-CTG e UGT. Todas as partes implicadas parecen recoñecer como o principal ponto a deducir dunhas eleicións onde a guerra dos resultados ainda non rematou e que esperamos que siga até a proclamación oficial polo IMAC que espe

Díaz, de CC.OO, "vexo lóxicos os resultados obtidos pola no- central e a miña valoracion de conxunto esta dacordo coa incidén- o voto político no voto sindical".



Para X. M. Díaz, X. L. Muruzabal e G. Montes, membros da Dirección nacional da ING-CTG, "o noso sindicato acadou os obxectivos plantexados e consolidouse como tal".

contar a sua proclama- Coas suas diferéncias esultados obtidos, ou icidéncia respectiva nos os sectores en que cada pudo obter mais ou forza, o que se pode que estas eleicións fo- paso dado polos traba- galegos na sua últi- nunciación, que pare- atarse en prol dun sin galego e de clase. o la- mantenimento doutras sindicais, con certa tra- e algunha cunha certa da patronal. O sindica- ambíguo que se viña por parte das cen- ndicais estatais vese cuestionado, e unha as centrais sindicais es- vese ahora cuestiona- nha parte do eleitora- dese por un sindicato galego, que pese a trancos vese consoli- sindicato nacionalis- como manifestou oda de prensa que se en Santiago o pasa- xaneiro, ten un pro- moi claro e nada ten con sindicatos ambí- é o caso dalgun que no Pais Basco ou ou- se chaman naciona- unha central todo o ás estatais, oposta os sociais e que loi- soberania nacional.

CC.OO en Galícia ron manterse á cabe- resultados globais e deron tanta distancia como no resto do Aqui conservan a ia dun 11 por cen, no Estado anda, eles, entre un 3 e un

UGT, pese ás axudas nal e subir nalguns segue a ser unha máis, que sempre ou estar máis pró- patronal que a de-

fensa dos intereses da clase traballadora.

Pola sua banda, a USO, tamén con bastante apoio da patronal e do Goberno, non logrou superar a banda do 7 por cen que non é mi significativo, sóbor de todo tendo en conta os resultados globais.

VALORACIONS DOS SINDICATOS

As eleicións sindicais foron, no dicer de todos os sindicatos, ese sentido formal para que os traballadores optasen por unha alternativa, que a partir de agora terá unhas consecuéncias prácticas moi importantes. As representacións conseguidas negociarán os convénios, estarán no AMI, están na mente do goberno ao repartir o património sindical, e desde todos os postos alcanzados cada representante sindical levará adiante a política da sua central. E por iso que a valoración que fixeron para o noso semánario sóbor dos últimos resultados, enmarca dalgun xeito futuras actuacións e a vida sindical próxima a ser xa unha realidade.

ING-CTG

Membros da dirección da central nacionalista valoraron as eleicións *"foron conseguidos os obxectivos trazados antes de comezar. Superouse a cuota mínima do 15 por cen, chegando a un 19 por cen, asi como consolidouse o sindicato, demostrando un forte avance en moitos sectores, sóbor de todo na gran empresa, onde até agora a preséncia era menos forte". Na Galícia do interior pódese dicer que politicamente gañamos as eleicións.* dinos o secretário xeral da ING-CTG, G. Montes. Mesmo afirmou que por por- centaxes de medre *"a ING-CTG foi a gañadora das eleicóns".*

Pola sua banda, J.L. Muruzabal manifestou que *"os obxectivos da patronal e do Goberno de manter o bisindicalismo de UGT-CC.OO en Galícia veuselles abaixo".* X. Manoel Diaz fixo fincapé na pol´ itica que seguirá a central en adiante, destacando que *"continuarèmos na loita polos mesmos obxectivos que deica agora, organizando os traballadores, indo as eleicións e combatendo o pactismo e os sindicatos que non defenden aos traballadores galegos. Loitaremos e defenderemos a unión dos traballadores galegos nunha central sindical galega. Para nos as posibilidades hoxe son boas, porque temos máis plataformas para loitar".*

CC.OO

Para Comisóns Obreiras *"as eleicións saíron ben".* Segundo nos manifestou Suso Diaz, *"pese aos ataques da patronal e do Goberno somos a primeira central de Galícia". A axuda da patronal a UGT e USO, sóbor de todo na recta final das eleicións, serviulles de pouco. Nós aumentamos con respeito ao 78, non obstante teremos que analizar moi ben os resultados, p rque o avance da ING-CTG, sobor de todo en qualidade, faranos cambiar a nosa política con respeito a eles".*

UGT

Segundo Fernando Martinez é de suliñar, *"o medre forte da ING-CTG, e a sua consolidación".* Para el tamén medrou o seu sindicato, e mesmo gañou en Lugo, Ourense e a Coruña. A diferéncia principal con respeito ao 78 e que segundo F. Martinez *"daquela votábase o sindicato socialista, pero tiñamos pouco organización. Agora podemos afirmar que medramos sóbor de todo en organización".*

Asimesmo, para a UGT e importante a sua subida na banca e nalguns outros sectores parciais.

Resultados provisionais, segundo o IMAC, a 5-I-81 por Centrais e provincias.

	ING-CTG	CCOO	UGT	USO	CSG	Non af.	Varios
A Coruña	669	1.052	884	237	23	461	285
Pontevedra	541	987	640	225	80	459	154
Ourense	224	239	234	74	0	→ 234 ←	
Lugo	228	114	233	97	9	175	45
TOTAIS	1.662	2.392	1,991	663	112		

USO

Para Manoel Cortegoso Iglesias, secretário xeral da USO-Galícia *"non foron todo positivas que tiñan que ser. A participación foi baixa, e a causa debeuse a que, os sindicatos non daban respostas válidas.". "Nòs fomos moi criticados e tuvemos que ir tirando. O enfoque foi sóbor de todo cara a mediana empresa e estamos satisfeitos cos resultados obtidos."*

Con relación aos outros sindicatos valoro positiva a subida da ING-CTG, co cal vese que a conciéncia nacionalista dos traballadores galegos aumenta. A UGT tuvo moito apoio patronal e CC.OO viuse restada polos conflitos internos.

.... Agora os resultados xa comezan a facer história e a quedar aí. A política sindical continua, as loitas, as movilizacións, as negociacións... Co tempo cada cal dirá.

XOSE AMADOR

A NOITE DO 21 DE DECEMBRO

CHEGOU O ANTROIDO

MANOLO DIOS

A Noite do 21 de Nadal pasará á HISTORIA DE GALICIA como unha das máis grandes ANTROIDADAS que no noso país teñen acontecido.

A medida que avanzaba a noite a traxédia tornábase farsa e os resp nsábeis directos da representación mostrábanse como experimentados farsantes.

Según ian coñecéndose os resultados do referendo, as caras longas, a crispación, o nerviosismo e a frustración facian mella nos partidários do SI.

Coa comunicaci´n dos primeiros resultados oficiais parecia como se de súbito nos atopáramos nun país irreal, nunha uténtica colónia de avestruces. Ninguén dos autonomistas queria ver a realidade. Todos, sen excepción, colocaban a Abstención diante dos ollos. Ninguén queria ver máis alá. Como consecuéncia, as declaracións da autodenominada "clase política" daban, ao tempo, noxo e risa.

Os malabarismos para xustificar o inxustificabel eran dignos dos mellores magos. A demagóxia vertida para explicar a inexplicábel recordaba o "máis difícil todavia". Calisquer cousa era válida para silenciar o que era evidente.

Quiroga non se daba controlado, conxestionado e nervioso enfadábase para todo o Estado a través dos micrófonos da cadena SER, Rosón, nun fugaz "trastorno mental transitório" queria abandonar a política, Paco Vazquez caia no infantilismo, collia o seu tirapedras e disparaba por aquilo de que a mellor defensa é un bó ataque, Sobrado crispado repetia como nunha novena "a min que me rexistren"..... ninguén estaba disposto a recoñecer a sua responsabilidade. Nen a choiva, até o tempo lles daba a espalda, aparecera. ¡Ai se chovera!.

Se neste país houbera menos lacaios, menos petos agradecidos e máis dignidade política e profesional non teria que ser un periodista brasileiro, enviado especial a Galícia para o Referendo, o que metera a fondo o dedo na ferida dicindo: "o modelo autonómico non é válido, nace morto... a solución federal está petando ás portas....".

Os Pios Cabanillas e Sanchos Rofes, ministros do goberno español fuxian para sua Madri-gueira co rabo entre as pernas e como alma que leva o demo.

Se este país fose normal, se fósemos un pobo normalizado politicamente, se houbera dignidade... o sucedido o dia 21 de Nadal, removeria os cimentos do edifício social máis adormecido.

Se os políticos paridários do SI no Referendo Estatutário fosen normais admitirian publicamente a sua mediocridade, se fosen íntegros recoñecerian a sua incompeténcia.

Pero o sucedido na noite do 21 de Nadal demostra o forte que teremos que petar para sacar do sono a tanto político lacaio, agradecido e mediocre.

Os bispos calaban despois de tanta actividade desplegada durante a campaña pastoral.....

Os autodenominados "vellos galeguistas de anteguerra" non saian do seu asombro e temian o infarto fatal....

A TVE en Galícia daba unha nova mostra ideica cando! de antigaleguismo, desinformaci´n, chochez e aburrimento no seu programa ESPACIAL, digo ben, ESPACIAL.

A dona da Abstención era a guapa do baile. Todos querian bailar con ela. Todos a manipulaban, todos botaban man dela, todos, en definitiva, acochábanse nela para tapar, como podian, a durísima realidade: OS AUTONOMISTAS UNIDOS PERDERAN A MITADE DOS SEUS VOTOS MENTRES QUE O NACIONALISMO POPULAR MANTIÑASE FIRME. E isto en contra de Jeluco que , confundia de nov cos deseos coa realidade, querendo ver a pérdida de votos no nacionalismo o que evidéncia obsesión e require rau do tratamento.

Se este país fose normal os auténticos protagonistas da noite deberian ser as forzas nacionalistas pero isto habia que silencialo por riba de todo. Asi, machacaban as testas dos cidadáns coas mentiras de sempre, cos líderes de sempre, coas muletillas de sempre.... ocupando as horas dos programas especiais e as páxinas dos periódicos con miradas moribundas, figuróns con tearañas.... ENORMES XUSTIFICACIONS e MAIORES PIQUES POLITICOS sacando a luz pública todos os trapos suxos autonomistas.

Só o nacionalismo popular se atrevia a dicer o que era un secreto a voces :

A pesar dos centos de millóns públicos gastados para fomentar o voto SI, a pesar da escandalosa e discriminatória manipulación da prensa, rádio e TV polos do SI, a pesar do medo e terror utilizado contra do NON, a pesar dos Assias, Caparroses, Ultreyas, editorialistas oxidados, mises, quinielistas, locutores e comellóns, a pesar dos Felipes, Carrillos, Vizcayas, a pesar de saltarse a legalidade da campaña chamando ao voto SI o mesmo dia do Referendo, a pesar dos Dónegas, Monteros, Andrades, Sabelles, Suquias...., a pesar dos ministros, ministrábeis, aspirantes a parlamentários, xigantes e cabezudos.....

A pesar de todo, con todas as dificuldades, silenciando até o histerismo o nacion popular.... ¿haberá ainda alguén que non vexa o trato escadalosamente discriminador de todos os meios de comunicación ás forzas nacionalistas e populares?.....A PESAR DE TODO: **AVANZAMOS**.

Temos que repetirlles, unha vez máis, con firmeza, con contundéncia pero sen acritude: "SODES UNHOS IMPERIALISTAS FRACASADOS"

PAISES CATALANS

"Corrimento de terras" tras o congreso do PSUC

JORDI FORTUNY

A vitória do sector "duro" do PSUC no quinto Congreso deste Partido, que acabou o pasado martes en Barcelona, é a máis recente das notícias políticas que se produxo nos Paises Catalans, e máis concretamente no Principat, desde a publicación da nosa anterior crónica.
A derrota da tendéncia euro-comunista do PSUC –sobre a que a prensa estatal informou dabondo por mor do vindeiro congreso do PCE– abre unha série de interrogantes que de seguro só poden ser contestados con posibilidades de acerto por alguns poucos militantes privilixiados deste partido. Ante todo, destacouse que a vitória foi do sector "pro-soviético" sobre o "eurocomunista", pero creemos que nesta análise deben introducirse máis elementos de xuício.

Para comezar, constatemos que o sector vencedor caracterízase pola sua dureza e ortodoxia en relación cos euro-comunistas máis "descafeinados" en xeral. Pero, velai a paradoxa, dáse o caso de que os "duros" poden considerarse máis afins a Santiago Carrillo –líder do eurocomunismo– en cuestión referentes á democrácia interna do Partido e as relacións de dependéncia PSUC.PCE. Do que se deduce que Carrillo é vencedor nun Congreso que poderia significar o início da debaclé dos comunistas españois, se alguen non pon rápido remédio a iso.

Este rápido remédio consistiria, segundo a nosa opinión, en saber conservar a habilidade de persoas como Antoni Gutierrez, o secretário xeral sainte, quen xunto a López Raimundo pode ser considerado como un dos máximos artífices da forte implantación do PSUC en Catalunya, mesmo en ambientes moderadamente nacionalistas.

Non obstante, todo parece indicar que a componente nacionalista do PSUC vaise ver mermada despois da derrota euro-comunista. A pesar da sua moderación, este sector "fabricou" un nacionalismo a medida do seu eleitorado que lle valeu non poucos éxitos. Probabelmente os "pro-soviéticos", encabezados agora por Francesc Frutos –secretário xeral– e Pere Ardiaca –presidente–, non saberan atopar unha fórmula tan asimilábel polo mesmo eleitorado, o que non quer dicer que dubidemos da sua vontade autonomista. Os meses vindeiros darán a medida do noso erro ou acerto.

NACIONALISTAS D'ESQUERRA ¿NO SEU MOMENTO?

Non faltou en Catalunya que, principitándose ante os acontecimentos, auguránse un próximo desprazamento do eleitorado de esquerdas cara posicións verdadeiramente nacionalistas. Debemos salientar, que nunha ofensiva de declaracións de prensa desencadeada polo antigo secretário xeral euro-comunista, Antoni Gutierrez, fixo reiterados chamamentos á organización nacionalista e integrarse nun proxecto denominado "de catalanismo popular". As pretensións de Gutierrez, que recordan os flirteos PC de Euskadi-Euskadiko Esquerra, esmoreceron coa sua derrota dentro do seu Partido, ao menos polo de agora.

Un artigo publicado no diário "Avui", do mércores dia 7, firmado po Josep Huguet, membro do Secretarido de Nacionalistas D' Esquerra, contestou as invitacións do PSUC: "lamentabelmente, e polo de agora, o catalanismo popular non pasa de ser para os euro-comunistas unha de tantas manobras tácticas.

UN ANO DE LOITA

Todos estes acontecimentos prodúcense ao cumprirse un ano de existéncia do Movimento Nacionalistas d' Esquerra, efemerides que casualmente coincideu coa legalización do mesmo por parte do Ministério do Interior, despois de numerosos e infrutuosos intentos. Ao mesmo tempo, as detencións de independentistas catalans a raiz do frustrado atentado de Eta p-m a un cuartel militar de Berga, provocaron unha contundente declaración pública da organización catalana efectuada nunha roda de prensa polos seus máximos dirixentes: "como movimento político estamos en contra de accións armadas de Eta en Catalunya, que como esta do asalto de Berga, calificamos de totalmente desafortunadas, que non teñen nengunha raiz popular no noso país e que fan caer unha represión indiscriminada sobre o movimento nacionalista catalan". En efeito, a represión policial alcanzou a todas as forzas de Esquerda d' Alliberament Nacional no Principat. Entre os detidos, sen nengunha implicación na acción de ETA p-m, figuran catro membros de Nacionalistes d' Esquerda.

Na sua declaración pública, Nacionalistes d' Esquerda rexeitou tamén a Lei Antiterrorista –chamada de Seguridade Cidadán– e a denúncia das torturas sofridas polos detidos en Comisaria, ao tempo que reivindica a sua liberación imediata. Asimesmo, na declaración protéstase por "a lentitu e dos trámites xud

protéstase por "a lentitude dos trámites xudiciais, que obrigan a remitir a Madrid todas as dilixéncias e que permiten que persoas totalmente inocentes permanezan case dous meses na cadea.

EUSKADI:

A caza do refuxiado

MUGARRA

O último mes de 1.980 volveu a ser un mes triste en Euskadi: o 30 de decembro, ás sete da mañá, en Biarritz, unha bomba simulada no seu veículo facia perder a vida ao refuxiado vasco José Martín Sagardia Zaldua, "Usurbil". José Martin, solteiro, carniceiro de profesión, de 29 anos, natural de Bilbao e residente desde facia moito tempo na vila guipuzcoana de Usurbi figuraba, ao igual que "Argala" e "Pantu", anteriormente asesinados, na lista de 127 refuxiados que entregou o Goberno español ao francés considerados como "extremamente peligrosos", que foi publicada pola revista "Cambio-16" en 1.977. O venres dia 2 o Batallón Vasco Español reivindicaba o atentado; mentres nas ruas de Euskadi millares de manifestantes mantiñan nos distintos pobos e cidades un berro comun, asumido paulatinamente pola maioria dos vascos: "O Batallón é a policia".

O modelo de atentado que costou a vida a Sagardia foi semellante ao utilizado no caso de "Argala", morto en atentado en Anglet en decembro de 1.978. O artefacto fixo explosión no momento en que un movimento do volante tensou o cable unido a unha das rodas; nesta ocasión a carga explosiva estaba composta por tres kilos de goma-2 e situada sobre a roda dianteira esquerda. A explosión escoitouse en todo Biarritz e a onda expansiva e os pedazos metálicos do coche produciron grandes destrozos nos edifícios cercanos a vez que causaron feridas débeis ao proprietário dun comércio.

"Usurbil" foi detido o 15 de maio de 1.975 en San Juan de Luz en compañia de "Argala", ocupandoselle unha pistola polo que foi condenado a seis meses de cárcel (dous en firme). Tamén foi confinado en outubro de 1.976 á illa de Yeu durante catro meses, por mor da visita a Francia do Rey de España. Na actualidade, José Martín traballaba nos talleres "Ocoa" de Hendaya, aos que se dirixia no momento en que se produciu o atentado.

Unha vez sabida a morte de Sagardia eran feitas públicas numerosas mostras de condena: a corporación do Axuntamento de Usurbil, na que o PNV é maioria, acordaba condenar o asesinato á vez que mostraba as suas sospeitas sobre os autores da morte e a sua posíbel pertenéncia á policia, recoñecia a José Martín como un loitador polo seu pobo e declaraba dous dias de luto na localidade, mentres denunciaba a estreita colaboración entre os Gobernos de España e de Francia na caza do home que se está cebando nos refuxiados vascos (posteriormente o Goberno Civil de Guipuzcoa suspenderia estas resolucións). As organizacións políticas KAS, MK, Xestoras pro-Amnistia, Herri Batasuna, LKI, PTE e Sindicato Unitário convocaban a concentracións nas distintas localidades vascas mentres que Euskadiko Esquerra limitábase a afirmar que a única saída é a negociación coas organizacións armadas.

O mércores, último dia do ano, e despois duns rápidos trámites efectuados polo Goberno francés (feito non moi usual e cun claro sentido desmovilizador) chegaban a Usurbil os restos de Sagardia, acompañados desde a fronteira por máis de cincoenta coches, celebrándose o funeral a meia tarde do xoves no frontón coa preséncia de vários millares de persoas, sendo concelebrado o acto relixioso por seis sacerdotes.

En Donostia, o mércores, manifestábanse perto de duas mil quinientas persoas, sendo reprimidas posteriormente mediante tanquetas con amplo material antidistúrbios; Bilbao unhas mil quinientas persoas comezaron a manifestarse polo casco vello, sendo asimesmo reprimidas. Tamén se organizaron concentracións en Baracaldo, Beasain, Renteria, Eibar, Pamplona Vitoria e Irún.

Por outra banda, o sabado organizábase en Biarriz un funeral seguido de manifestación en lembranza de Usurbil que contou con máis de mil quinientas persoas, manifestación que despois de dirixirse ao lugar da morte de José Martin e cantar o "Euskogudariak" e pasar por diante do Consulado español, amplamente protexido por membros das forzas públicas francesas, disolveuse pacificamente. O acto estaba convocado polas organizacións abertzales vascas de Euskadi Norte, asi como polo Partido Comunista Francés, LCR xunto co sindicato socialista CFDT, que leron un comunicado denunciando "a impunidade que permite aos comandos fascistas españois, apoiados por Rosón, o cruce da fronteira sempre que queren", asi como pedindo a restitución do Estatuto de Refuxiado Político

ARXENTINA:

Abrindo interrogantes

Dos vintesete millóns de arxentinos, só tres homes detentaron o direito de elexer o vindeiro Presidente da República, os tres membros da Xunta Militar Teniente Xeneral Leopoldo Galtieri, Brigadeiro Xeneral Omar Graffigna e Almirante Armando Lambruschini. Non foi sen altibaixos que se chegou ao acordo final.

Desde hai un ano é visíbel que a monolítica unidade das Forzas Armadas xa nono é tanto. O 29 de Setembro do ano pasado o Xeneral de División Luciano Benjamin Menéndez, Comandante do III Corpo de Exército con sé en Córdoba, negábase a recoñecer a autoridade do seu Comandante en Xefe, Teniente Xeneral Roberto Viola, acusando ao equipo militar dirixente de "desvirtuar o proceso político que ten que ser convertido en revolucionário". Ainda que a revolta non callou, a unidade dos militares resultou fondamente abalada, acentuándose a crise interna a meiados deste ano cando o Almirante Massera, ex-Comandante en Xefe da Armada e ex-integrante da Xunta, criticou violentamente a condución gubernamental e a política económica. As acusacións atinguiron extremos dunha dureza inusitada: "Deixamos de entusiasmar aos nosos compatriotas. Negámoslle a sua lexítima participación nas decisións. Negámoslle a sua capacidade para a cultura. Fixemos da economia, política e da política unha má fala. O que restauramos, todo o que tiñamos ben restaurado foi perdendo vixéncia pola soberba, a vértola e o esquecemento dos intereses da Nación. Illámonos dentro do noso próprio encol... Cando a saúde e a educación deixaron de ser un direito cando a vivenda é un privilexio; cando castramos a nosa universidade e propiciamos o analfabetismo político; cando se propón o voto cualificado e sóñase co fraude patriótico; cando se busca o apoio de alleos para abalar os nosos acertos; cando a austeridade é unha expresión valeira e a frivolidade a norma de conduta, o problema é definitiva e esencialmente moral". Rematando deste xeito: "Hoxe, cando o país segue agardando, non lle podemos botar as culpas ao pasado. A responsabilidade é nosa".

Estas declaracións causaron un fondo malestar no Goberno e serviron de incentivo para multiplicar os ataques das forzas opositoras especialmente de radicais e peronistas. O próprio Presidente Videla tomou cartas no asunto e acariciaba a idea de impoñer sancións sérias a Massera; se non o fixo foi porque detras de Massera estaba a Mariña e o mesmo Lambruschini, membro da Xunta Militar, apoiou indirectamente o documento nunha intervención pública diante dos empresários arxentinos.

Massera ven sendo, desde o seu retiro, unha figura realmente incómoda e ún dos máis duros opositores á política de Martínez de Hoz, apoiada por Videla. No ano 1.978 sofreu un atentado do que imediatamente se culpou a grupos subversivos. Pero alguns indícios apontan a forzas paramilitares.

Con este mar de fondo os tres Comandantes en Xefe tardaron en chegar a un acordo que finalmente callou na eleición, desde tempo anunciada como novo Presidente da República do Teniente Xeneral Roberto Eduardo Viola o mesmo que tuvo que enfrentar a revolta do Xeneral Menéndez. Cál foi o costo do acordo?. Alguns comentaristas apontan a que a Mariña recebeu a cámbio do seu voto determinadas Gobernacións Provinciais e Municipais. Pero a meirande parte dos observadores poñen o énfase nunha posíbel sustitución do Ministro de Economia Martínez de Hoz. Este é hoxe por hoxe a máis discutida e criticada figura política arxentina.

O seu sistema, baseado nun florecemento do sistema financieiro, favoreceu a inversión de carácter especulativo en lugar da de carácter reprodutivo. A consecuéncia foi o estancamento progresivo da actividade económica que neste intre atópase nun rueiro sen saída. Os vaticínios do Banco Munidal auguran unha situación pior para Marzal de 1.981, cando asuma o Presidente Viola, que a existente en Marzal do 1.976, cando os militares tomaron o poder. A dívida externa é de vinte mil millóns de US S, a inflación chega ao 90 por cen e a saída de divisas é galopante atinguindo no pasado Setembre aos setecentos millóns de US S. Toda a economia está en recesión e tanto o sector agrário como o industrial sofren a política liberalista que levou a várias empresas importantes hai uns meses, anunciase a quebra dun gran grupo empresarial de capitais nacionais: SASETRU, entidade que abarca 60 empresas nas que se inclúi un banco e várias entidades financieiras, ten un descoberto de mil millóns de US S, e se a Xustícia, onde agora está o caso, concede o pedido de quiebra feito polos acreedores, arrastraria tras si a vários bancos privados o que orixinaria unha corrida de impositores de consecuéncias catastróficas para todo o sistema.

O derradeiro parche do equipo económico foi anunciar unha nova taboa de cotización do dólar para reverter a tendéncia á saída de capitais. Con esta medida o único que se busca foi dar novas seguridades aos financistas internacionais de que non se producirán variantes na política cambiária. Pero a eficiéncia deste novo remendo ten prazo prefixado pois o acontece desde Marzal do 81 é unha incógnita.

O degrau de empioramento que acusa a economia arxentina está preocupando seriamente a todos os sectores. Non é somente nos meios sindicais ou partidários onde se atopa forte resisténcia. O empresariado iniciou unha ofensiva que, en última instáncia aponta non somente á sustitución de De Hoz, senón de un cámbio radical da política económica. En recente Congreso en Rosário o empresariado definiu a actual situación como "pior que a de 1.930".

Pero Martínez de Hoz ten boas agarradeiras. Tras el está o Presidente Videla que o apoia contra

vento e marea e que, cada vez máis identifícase cos sectores ultras do Exército.

Videla chegou á Presidéncia como un líder dos "moderados", pero dun ano a esta parte é visíbel o seu esbaramento para posturas moi conservadoras. Este retroceso ten como ponto de partida a visita a Bos Aires da Comisión Interamericana de Direitos Humanos. O convite á Comisión partiu do próprio Goberno arxentino que acreditaba quizais poder manipular o informe e adiantábase a calquer iniciativa de Carter. Pero a visita converteuse nun auténtico plebiscito antigubernamental. De novo todas as denúncias por torturas e desaparicións saíron ao debate público. A Xunta Militar atopouse con que os únicos apoios cos que contaba, partian dos sectores máis reaccionários ou filofeixistas. A mesma Igrexa arxentina, máis ben moderada, non deixou de criticar a xestión gubernamental.

Videla comezou a manobrar desesperadamente para evitar unha condena na OEA e buscar apoio no exterior. Desde ese intre o es-

baramento a posicións de extrema dereita era máis que visíbel.

Houbo conflitos diplomáticos con Francia, Estados Unidos (que non ten embaixador en Bos Aires desde hai seis meses), Panamá e Venezuela. O problema do Beagle, que enfrenta a Chile e Arxentina, arrástrase vagariñamente sen que ainda se lle vexa saída. Para forzar un bloque militarista no Cono Sur que free a influéncia do Pacto Andino, o Goberno arxentino non dubidou en axudar ao golpe boliviano ou prestarse a negócios súcios con Stroessner a raiz da construción da gran presa de Yaciretá. Co Uruguai está en estudo a creación dunha area de libre-comércio e os militares arxentinos agariman aos seus conxéneres uruguaios regalándolles material bélico. Mentres tanto fracasa o intento de atraer ao Brasil que agora anda apostando na apertura democrática. Na visita de Videla a Brasília, os histéricos chamamentos para crear un bloque anticomunista na América Latina, non atoparon o menor eco no equipo do Presidente Figueiredo.

O Goberno arxentino está agora hipersensibilizado ante as críticas que lle caen de dentro e de fora. E en moitas situacións vese claramente que actua á defensiva. A pesar da expulsión do Director de "La Opinión" Jacobo Timmermann, exiliado en Israel, ou das ameazas de morte a James Neilson, Director do "Buenos Aires Herald" o que obrigou a unha actuación directa do Embaixador británico esixindo garantias para o xornalista, é apreciábel un meirande senso crítico na actividade informativa.

No interior do Exército están-se levando a cabo depuracións segundo informou non hai moitos dias o xornal conservador LA PRENSA. E o Goberno dedícase a facer declaracións nada tranquilizadoras. O Brigadeiro Omar Graffigna, membro da Xunta Militar afirmou hai pouco tempo que "as Forzas Armadas reterán o poder o tempo que seña necesário", condenando "o clamor seudodemocrático de quen esgrimindo falsas bandeiras de direitos humanos, buscan restaurar as formalidades democráticas que abran as posibilidades de acceso ao poder do marxismo e a subversión".

Neste clima abriuse en Bos Aires, no pasado mes de Agosto, o IV Congreso de la Confederación Anticomunista Latinoamericana" co apoio oficial do Goberno e onde se definiu a política externa de Carter como "un instrumento de un proxecto neocolonial marxista contra Latinoamérica". Como ven a frase non ten perda.

A concesión do Prémio Nóbel da Paz ao arquitecto Adolfo Pérez Esquivel, considerou se unha desgrácia nacional e provocou unhas moi duras pontualizacións por parte da "Secretaria de Información Pública de la Presidéncia de la República". Nelas lembrábase que Esquivel fora detido tempo atrás "por facilitar a impunidade de diversos membros de organizacións terroristas"

Curiosamente os máis afervoados apoios externos a Videla proveñen da URSS. Xa non se trata da venta de trigo; moito antes de que se promovera o boicot por parte de Carter ao comércio soviético, Moscú conseguiu a retirada do nome da Arxentina da lista negra da subcomisión de Direitos Humanos da ONU en 1.977 e 1.978. O Partido Comunista Arxentino goza dunha relativa impunidade e alguns ex-diputados do grupo fotografiáronse saudando afectuosamente a Videla na cea anual de ex-lexisladores que, como invitado de honra, asiste, ouh manes da Democrácia!, a mesma persoa que pechou o Congreso e meteu na cadea, enviou ao exilio ou torturou a un bon grupo de diputados.

Pode ser Viola a esperanza?.

A sua designación foi acollida con cautela na prensa de Latinoamérica. Moitos agardan del o labor de restauración democrática que fixo Figueiredo no Brasil.

E abofé que non vai a ser doada. Os problemas amoréanse. O País leva 6 anos en estado de sítio, un pesado farde de cinco mil desaparecidos na represión por aclarar, cinicamente Videla calificounos de "saldo natural na guerra librada polas Forzas Armadas contra a subversión", pero non é esa a opinión interna e externa. A prisión de Isabel Perón, envenenando calquer intento de achegamento aos peronistas; a situación económica camiño de unha catástrofe sen precedentes...

Non, non é doada a misión que a Viola lle espera. Polo intre é unha esfinxe muda que non deixa adivinar as suas intencións. Pero o proceso agótase irremediabelmente e a saída democrática terá que vir máis cedo que tarde. Viola semella ser o derradeiro presidente militar. Nas suas mans fica a responsabilidade histórica de viabilizar a convivéncia nun país que leva, desde o golpe contra Irigoy en 1.930, 50 anos en constantes sobresaltos políticos.

CARLOS SIXIREI PAREDES.

II congreso do Partido Comunista Cubano

O primeiro Ministro Fidel Castro advertiu que a pesares dos "ventos huracanados que soplan no hemisfério e no mundo, e das forzas reaccionárias de extrema dereita que se instalaron no poder do país máis poderoso do mundo, Cuba xamais abandonará o comunismo". Esta alusión á Administración Reagan, fixo ante os dous mil delegados no discurso inaugural do 2 Congreso do Partido Comunista Cubano, celebrado no Palácio de Comunicacións da Habana, do 17 ao 20 do pasado decembro.

Fidel Castro, primeiro secretário do PCC, iniciou o seu amplo informe de dez horas de duración, coa consigna "A forma superior de ser revolucionário é ser comunista". Analizando polo miúdo a conxuntura económica anunciou que se ben o ambicioso obxectivo quinquenal, fixado no Primeiro Congreso do PCC, en 1975, non se cumpria exactamente, o crecemento do 4 por cen atinxido era dabondo satisfactório dada a forte recesión mundial. Ademais, os elevados costes das importacións, xunto con outros factores incontrolábeis, descompensaron a economia. cubana, polo que no próximo Quinquénio a política económica priorizará a sustitución das importacións do mercado capitalista. O líder da Revolución destacou que a industrialización medra a ritmo acelerado, pero que de momento o zucre seguirá sendo a base da económia cubana, anunciando unha mellora na calidade da vida, maior disponibilidade de bens de consumo e a posibilidade de suprimir parcialmente o racionamento.

A práctica internacionalista do PCC sobrancea pola preséncia [illegible] congreso, ainda que con cer[illegible]cias, de representantes de [illegible]cións de esquerda e revo[illegible]ios de 140 países. Para os [illegible]mericanos tiña unha importáncia particular pola esperada definición da postura cubana ante o agresivo endurecimento da política norteamericana. Fidel Castro señalou o perigo real dunha intervención iankee na Illa, mais lembrou a indoblegábel decisión dos cubanos de defender a sua independéncia e continuar desenrolando o seu comunismo.

Non cabe nengunha dúbida do carácter intervencionista do presidente eleito dos EE.UU e do seu equipo, nen do propósito de afogar como seña os movimentos nacional-populares de América Latina. Calquera pretexto poderia ser esgrimido polo novo mandatário norteamericano para "bloquear militarmente Cuba" ou invadir calquera país. Velaí porque a inquedanza cubana é compartida polas organizacións políticas democráticas e progresistas do mundo, que ven con gran desacougo a progresiva direitización, militarismo e agresividade dos rexímenes burgueses.

Nunha das resolucións sobre política extranxeira aprobadas neste 2 Congreso do PCC, louváronse as revolucións da illa caribeña de Granada e de Nicarágua, demostrando que a Revolución Cubana non foi un azar histórico na rexión. Diante do subdesenrolo e colonialismo imposto polo imperialismo iankee, a Revolución Cubana é un raio de esperanza e ofrece unha alternativa real e historicamente inevitábel para os países da Pátria Latinoamericana. Asi, á beira dos procesos antiimperialistas xa en camiño en Centroamerica, xurden siñais inequívocas de loitas patrióticas no Cono Sul e noutras zonas do Continente, hoxe asoballadas.

A resolución crítica a democrácia-cristiana de El Salvador e Venezuela pola sua política proimperialista e antipopular e proclama o seu total apoio á independéncia de Puerto Rico, engadindo "América Latina e o Caribe, que buscan a paz e o progreso social, están convencidas de ser zonas de singular confrontacións na loita en contra do sistema capitalista".

Na derradeira sesión do Congreso, Fidel Castro e o seu irmán Raul foron reelexidos Primeiro e Segundo secretário respectivamente do Partico Comunista Cubano, renovándose o Buró Político que pasou de 13 a 16 membros permanentes: Fidel Castro, Raul Castro, Juan Alemida, Ramiro Valdés, Guillermo Garcia, Blas Roca, Armando Hart, Carlos Rafael Rodriguez, Oswaldo Torticós, Armando Milián, Pedro Miret, Jose R. Machado, Sergio del Valle , Jorge Risquet, Osmañy Cienfuegos e Julio Camacho.

GUINEA BISSAU:

Nino, novo home forte

A toma do poder por un Consello da Revolución en Guinea Bissau sorprendeu no mes de novembro. As diferéncias dentro do partido no poder, o PAIGC, parecen ser as causas máis poderosas para que os militares decidisen seguir co proceso revolucionário, pero con alguns cámbios.

UN REPASO A HISTORIA

Os primeiros movimentos en Guinea xurden na década dos 50. En 1.956 Amilcar Cabral xunto con outros cinco compañeiros crea o PAIGC (Partido Africano para a Independencia de Guinea e Cabo Verde). Desenrolanse dialogos coas autoridades coloniais, buscando saídas, pero sóbor de todo aproveitase o tempo para crear a acción armada. A guerra iniciase no 1.963 co asalto ao cuartel de Tite. Créanse as Forzas Armadas Revolucionarias Populares e libéranse zonas do País. Asi cando en 1.966 unha mision da ONU visita as zonas liberadas, Amilcar Cabral anúncia que o 60 por cen do país esta liberado.

En agosto do 1.971 o PAIGC convocou eleicions nas zonas liberadas para formar unha Asamblea constituinte. Crease a Asamblea Nacional, formada por 80 membros, 50 por cen elexida por sufráxio universal e 50 por cen polo partido.

A nivel internacional a actividade do PAIGC e moi importante, conseguindo que no ano 1.972 sea admitido como observador na ONU. O goberno de Caetano lanzou unha dura ofensiva, que si ven supuxo o asesinato de Amilcar Cabral, rematou fracasando e nunha contraofensiva militar das forzas populares.

O 23 de Setembro de 1.973 na selva do Boé, proclamouse a Independéncia. Logo no 74 co cámbio de réxime en Portugal, os novos gobernantes recoñeceron a independéncia de Guinea-Bisau, e a de Cabo Verde.

GUINEA BISAU E CABO VERDE

Guinea Bisau e Cabo Verde son dous países que a pesar das suas diferéncias levaron a cabo unha loita comun contra o réxime colonialista portugués. Un mesmo partido nos dous países, o PAIGC, foi o impulsor da loita e o partido deica hoxe no poder nos dous países.

Pero as diferéncias entre os dous paises xa datan da época da loita de liberacion, cando se podia constantar unha maior forza da guerrilla en Guinea Bssau. Pola sua banda en Cabo Verde a situación viña determinada polas peculiaridades das illas, onde os terratenentes e o clero eran moi conservadores e mantiñan o seu domínio sobre un pobo cunha conciéncia politica moi baixa. Non obstante non se debe olvidar que a maioria dos dirixentes da guerrilla eran de orixe caboverdiano ou vivira no archipiélago, debido a sua procedéncia da pequena burguesia, sóbor de todo no comezo da rebelion, e que era moito máis numerosa nas illas.

O CAMBIO NA PRESIDENCIA.

O cámbio de persoas nas altas instáncias políticas da República de Guinea veu provocado pola intervencion do exército, dirixida polo deica ese intre primeiro ministro, Nino Vieira. As diferéncias no seo do PAIGC víronse agrandadas ultimamente, cando a discusion da nova Constitución que fora promulgada o dia 10 de novembro.

Os intentos de aumentar o poder do presidente Luis de Almeida Cabral parece que non agradaron aos sectores militares que vian con mellores ollos reformas profundas que un aumento de persoalismo.

As diferéncias xa viñeran marcadas entre os moderados e os radicais cando a definición do partido, que dera como resultado a aprobacion do nome de "Movemento de Liberación no Poder", frente aos que propoñian a proclamación de marxista leninista.

A unidade de Guinea Bssau e Cabo Verde tamén era outro dos pontos de desacordo, sóbor de todo en canto a forma e o tempo de duración do proceso. Pese a iso a unidade fora acordada no último congreso do partido e pronto comezaria o proceso de unificación real, que deica hoxe só era a de ter o mesmo partido no poder nos dous países.

O novo presidente, logo de tomar o poder, prometeu ser fiel aos princípios de Amilcar Cabral e do PAIGC, continuando a loita na procura dunha sociedade máis xusta. Tamén sinalou que "coa revolución poñeriase fin a todas as inxusticias padecidas polo pobo"

BALONCESTO:

Fracasa o poder, fracasan os "intocables"

Tiña que suceder. O falamos cando comezou a temporada e os resultados non se fixeron esperar. Escándalos arbitrais protagonizados polos privilexiados —era hora— o que fixo que os meios de comunicación fixeran eco e a prensa especializada destacara con grandes titulares os últimos desmadres arbitrais como se o que sucede, fose "o nunca visto". Non é certo. Tiña que suceder. De feito todos os anos sucede. A novedade e que este ano a batalla é entre os grandes, os intocábeis, os da cátedra e claro todo o mundo bótase as mans á cabeza. Valladolid-Joventut gana o Valladolid e Sagi-Vela expulsado por agresión a Cabrera, o árbitro principal José Angel Gárate faino constar na acta; os catalans insultano, ameazan, empuxan, O Comite de Competición non fai caso ao acta do árbitro e retrasa a sua decisión até ver o video do partido. Sagi-Vela segue xogando. Saltou a bomba neste partido atrás quedou o OAR-Manresa, o Cotonificio-OAR, o Real Madrid-Estudiantes etc. etc. Cal é a novedade agora? Qué pasa cos outros?

Angel Sancha, Segura de Luna e Raimundo Saporta moven en todo o Estado os fios do Baloncesto auxiliados por Eugenio Mazón de Presidente del Comité de Competición. Fano todo. Son os mesmos de sempre e neste temporada están fracasando. Fracasando porque xa non os queren nen os que os manteñen nas poltronas. Os outros non os quixeron nunca. Pero non é este ano ainda cando se van sobre todo porque ainda se andan pola superfície e a excepción de Gasca non temos quen lles cante as coarente a toda esta tropa de larpeiros que non fan máis que protexerse a si mesmos coa complicidade de catro equipos e catro árbitros. O resto non conta. Ese é o problema deste ano. Enfadáronse entre eles. Vaia por Dios. Ascenden os árbitros que queren eles —a dedo, por suposto—, en Galicia hai un de puro milagro, as Reglas Oficiais de Xogo do periodo 80-84 estanse repartindo ainda agora —case a meiados da Liga— a pesar de que este ano varian sensibelmente, os Equipos galegos son arbitrados por Colexiados catalans ou madrileños ainda xogando na casa, os Coléxios Provinciais de árbitros non teñen meios próprios de formación mentres os catro de Sancha contan con películas, diapositivas, cursiños, etc,; nótase unha persecución sistemática a Equipos como o OAR de Ferrol quen coa sua preséncia lles rompe o esquema centralista da sua actuación (Manresa, Cotonificio, Helios) demasiadas casualidades. En fin poderiamos enumerar centos de problemas que xustificarian primeiras páxinas dos periódicos, pero é curioso como destas cousas non se fala e inventanse grandes titulares para facer referéncia a catro anécdotas.

Un mundo aparte son o resto dos Equipos e dos árbitros. Os Equipos pasandoas moi mal para facerlles frente a unha competición aparentemente amater o que supón unha inversión de moitos millóns para competir ao ritmo imposto polo Barcelona, Madrid, Manresa, etc, caese nunha espécie de trampa e o nivel de calidade —na maioria das ocasións— o impón a cantidade de dólares que se teñan, e ainda por enriba ignorados pola prensa ou a TV. O que lles pasa non e notícia a destacar. O resto dos árbitros xógase o físico ou convértese en casero para salvalo. Presionados á hora de expulsar ou votar por personais a homes que costaron 50.000 dólares (oficialmente porque realmente é moito máis). Pouco protexidos. Pouco respetados e que ascenderan se lle conven ao Sr. Sancha.

En resume, acumuláronse tantos problemas que tiñase que empezar de cero, chamándolle amateur a quen o é, chamándolle árbitro, a quen o xustifique e tendo dirixentes que teñan como único obxectivo os intereses deportivos da comunidade.

TELLADO

Un ano "soportivo"

O ano 1.980 que se vaia e non volva- non foi nada bon tampouco, para o deporte galego. Seguiron renqueando as estruturas de sempre, confundindo, quizais adrede, deporte con espectáculo, ben social con promoción de persoas ou clases, necesidade con luxo.

Asi e todo a conciéncia deportiva no pobo galego foi en aumento, medrando a participación ainda que se pode considerar froles entre toxos, nas carreiras populares que comezan a proliferar como un número festeiro máis, sen planificación deportiva nen entrenamento, feitos que poden ocasionarlle a certos participantes perxuícios irreparábeis. Hai que resaltar tamén o pulo que experimentou o fútbol sala.

Pour outra banda hai que resaltar tamen o que xa, cada vez máis, en sério, se están a celebrar campeonatos de deportes esquecidos durante algun tempo na nosa nación, como son a "chave" ou a "billarda".

Pero ben mirado todo isto non pode sacarlle a "calificación" de mao ao ano mil novecentos oitenta, no que se seguiu ignorando e despreciando o deporte escolar, faceta a, que cada vez se lle presta menos atención sendo como é vital para o desenrolo deportivo dunha comunidade. Seguiron tamén marxinadas na práctica deportiva as clases menos privilexiadas xa que ainda que se aprobaron cuantiosos gastos para inversións deportivas, para os campos de fútbol que van ser sedes do mundial, ou para o grande pabellón do Ferrol, vilas das máis importantes de Galícia seguen sen contar con outra instalación deportiva agás dun campo de fútbol de uso case exclusivo do "equipo titular do pobo". Hai que meter neste apartado a muller, grupo marxinado igualmente neste nivel xa que as suas posibilidades son moito menores, e non digamos xa cando accede á maternidade, etapa na qúe se lle cortan todos os camiños, por non existir monitores especializados nen lugares onde deixar aos fillos.

DEPORTISTAS E CLUBS.

Para os que consideran que o nivel deportivo se mide por records e "figuras" nunha determinada especialidade, cousa engañosa e só computábel a nivel individual ou de colectivos determinados teremos que destacar neste ano aos seis galegos presentes nas Olimpiadas de Moscu, cifra que nunca rexistrara o deporte galego Os nosos representantes, ainda que baixo a bandeira do Comité Olimpico Español foron: Hornillos (atletismo), González Chas (tiro), Buyo e Agustín (fútbol), Romay (baloncesto) e Misioné (piragüismo) quen conseguiu unha medalla na especialidade de K-2.

Xuntamente cos xa citados hai que resaltar a Fernández Cagigao, campeón estatal, un ano máis, de motonáutica; Pantera Rodriguez, campeón de boxeo, titulo que rivalidou outra vez o dia dous en Mallorca; Pena Blanco, campeón de yudo e a Felpete Bao en ciclismo

No capítulo de clubs teriamos que destacar ao Celta de Vigo de Baloncesto femenino, todo unha institución dentro desta faceta e, tamén o mesmo deporte, ao OAR do Ferrol, que logrou o ascenso a División de Honor estatal levando nesta temporada unha esperanzadora campaña.

Hai que citar neste resumen, por direito próprio tamén, ao Liceo Hokei Club da Coruña.

No tocante a deportes, o máis popular o que máis xente e cartos move, o fútbol, nunca estuvo tan baixo até o ponto que o Celta e o Deportivo, os dous equipos de máis altas aspiracións baixaron a unha enganosa división chamada "Segunda B".

Contrasta isto co auxe en deportes minoritários como o yudo, ping-pong alterofília, cama elástica, xinasia rítmica ou piragüismo.

Alguns periódicos poñian como éxitos a preséncia no máximo organismo deportivo estatal de dous personaxes nados en Galícia, Benito Castejon, antes e Jesus Hermida agora. ¡Dios nos colla confesados !.

PUCHEIRO.

GUIEIRO

"VERSOS DE TRINTA OUTONOS"

Manoel María: a voz do pobo asoballado

Recentemente ven de sair ao mercado unha escolma dos poemas de Manoel Maria Fernández Teixeiro, editada por Xistral.
Titúlase o libro "Versos de Trinta Outonos" e recóllense nel poemas feitos ao longo destes últimos trinta anos nos que o poeta viviu datas importantes da nosa história e na que viñeron a sua mente lembranzas da sua nenez. Manoel Maria expresa todas as suas experiéncias, as suas vivéncias, a sua visión dos seus homes e da sua terra, as arelas das nosas xentes e tamén os seus sofrimentos nunha poesia que chega ao corazón e da que se recolle algunhas das mellores mostras neste libro escolma.

Para falar desta escolma de versos estivemos a conversar con Manoel, despois dun xantar en Santiago e antes de que emprendese viaxe para Rianxo, donde ia participar nun acto co gallo do trinta e un aniversário da morte de Castelao.

"O libro é unha escolma de trinta anos de facer versos –comezounos dicindo o poeta chairego–, sempre o foi e seguirá sendo ainda que esteña vivindo tanto tempo lonxe da sua tribu, non quer ruas co seu nome polos pobos e cidades, ao máximo que aspira e o que máis lle gustaria, e que lle fixesen un cruceiro na Terra Cha; *nestes trinta anos realmente fixen moitos versos, o que pasa é realmente que non sei se entre tanto verso e tanto renglón corto haberá algo de poesia. Ainda que, como ando nesa procura, penso algunha vez me tocou de facer poesia.*

Por outra parte a representación do libro é a de toda unha época histórica que vai desde o ano cincuenta ao ano oitenta. Espácio de tempo no que en Galícia ocurreron moitas cousas que a min me tocou vivir nun xeito tremendamente vivo e fondamente apaixoado.

Manuel Maria intentou plasmar no libro todas estas vivéncias por meio da poesia. Pero ¿qué é a poesia para Manoel Maria?.

"Poesia é para min, a xustificación dunha vida. E , máis , penso que non pode haber vida sen haber poesia. A verdade está na poesia. Quizais que isto seña un pouco clásico, xa que eu concibo a poesia como un intento de aplicación dese mistério tan fondo e tan inquedante que é a vida. Por outra parte a poesia para min é a busqueda de beleza, dito como entendian os clásicos e un pouco con maiúscula e, xa en terceiro lugar a poesia para min e meterse na língua, na musicalidade da língua, na fondura da língua, no trascendental que ten a língua e facer de todo isto o que se coñece dun xeito moi xenérico por obra de arte".

Manoel Maria pensa que a vida é algo irrevesíbel e algo que se fai cara adiante, o volverse dun xeito nostálxico cara o pasado parécelle un pouco unha morte case total por iso a poesia de Manoel Maria foi evolucionando, ainda que conservando vivas todas as experiéncias; *"fun por unhas circunstáncias puramente históricas un dos homes que se atopou no médio dun ermo tremendo, permañacendo fidel a miñas raigañas, a cultura do meu pobo, o máis posíbel, e a través disto, con toda sinceridá e tamén con todas as limitacións que ten un home, ir traducindo todo isto e facelo, non digo matéria poética, pero si polo menos matéria literária.*

Manoel Maria; poesia como xustificación dunha vida.

Nesta evolución conforme a vida mesma do autor pódense distinguir duas etapas, como ven se olla no libro, *"hai unha primeira época que pode ir desde os anos cincuenta en que eu tiña a asombrosa edade de vinte anos, deica os anos setenta en que xa non os tiña; entroncando a miña poesia co que xa se fixera en Galícia anteriormente. A partir dai fun quizais máis consciente da realidade que tiña diante, intentei traducir esa realidade e ser un pouco testimuña dos acontecimentos e dos interés realmente da história da nosa Patria, que a min me tocou vivir".*

Estes acontecimentos, esta toma de conciéncia do poeta, que non se entende sen o comezo da toma de conciéncia dun pobo, o sentir do pobo e do poeta van sempre unidos, o demais poder ser literatura, pero non poesia; cambiaron a forma de facer poesia. *"Cando eu comecei a facer poesia habia unha certa burguesia minoritária, que ainda que falaba en español, tiña un certo acollimento como unha cousa un tanto pintoresca, un tanto folclórica do que era a poesia galega, do que era a tradición galega, entón o poeta era un pouco un bicho raro, un tipo un tanto pintoresco; por exemplo en todo Lugo estaba ainda moi viva a lembranza de Noriega que era un home inxenioso, un home co que convivian, pero co que non vivian, un home que o deslumbraban pero que non entedian, habia asi o conceito do poeta como un home un pouco pintoresco e un pouco raro. Nesta época o poeta era un home que estaba nun mundo un pouco a parte.*

A partir dos anos sesenta e tantos, que se comezou a coñocer un pouco máis a realidade, a comprometerse con ela e a loitar pola liberación nacional de Galícia, as cousas cambiaron un pouco. Entón un, na medida das suas forzas, e desde logo, con toda humildade, intentou ser a voz dese pobo asoballado, dese pobo que non tiña voz e que lle era teimosamente negada. Entón as cousas xa cambiaron e un foi visto asi un pouco como un home que perder certo sentido da sua sacralidade para chegar a ser algo asi como un panfletário.

Neste momento en Galícia hai bastante confusión, hai unha série de problemas que son realmente moi difíceis de clarificar, porque por un lado está o poder que teñen todos os meios de comunicación social, que están deformando a nosa xente e por outro lado hai unha desfeita da nosa realidade rural, mesmo da vilega momento no que penso é moi difícil de distinguir as voces dos ecos.

Pero a voz de Manoel Maria, a "voz do pobo asoballado" resoa con forza e con acento próprio, acento que, por suposto non é a que algun periodista calificou. A voz de Manoel Maria resoa con forza inda que se volva recordos de nenos, no "Meu Burriño", ou "inquedanzas de rapaces vilegos na "Bandeira".

ALFONSO EYRE

Axenda

ACTOS

1 Certáme fotográfico **Carlos Varela "Brais".** Convocado polo Club Cultural Valle-Inclan de Lugo para traballos relacionados coa cidade de Lugo, tamaño 18x 24. Poderanse remesar a R. das Noreas, 15-2, antes do 12 de xaneiro, o fallo terá lugar o 14 deste mes.

Exposición Colectiva: Abelenda, R. Alfonso, A. Costa, Glez. Lagares, Laxeiro, X. Maside, S. Mayer, D. Padin, X. Pousa, Prego, A. Salvador, Torres, . Vázquez Castro e Virxilio.

Até o 17 de Xaneiro na Galeria Citania de Santiago. Visitas: Diario, de 7 a 9,30; festivos de 12 a 2.

Expoñense tres cadros de cada pintor.

Oleos de Garaizabal. Na Galeria CATRO da Coruña. Horario de visita: de 7 a 9,30.

Augafortes de Santiago Mayer. Até o 10 de xaneiro no Pub II Gatopardo de Viveiro. Exposición e venda.

PUBLICACIONS

Andalan n.300. O semanario aragones chega ao número tres centos despois dunha xeira de mais de oito anos. Sumamonos a nosa ledicia a do equipo que o fai posíbel e transmitimoslle a arela de que siga adiante, a cada paso con mais exito, na sua laboura informativa como "martelo enérxico de especuladores e caraduras concretos e punteando noutras ocasións con suavidade de bailarin de claqué en problemas especificos", tal e como eles mesmos definen a sua traxectoria.

LIBROS

"Poemas Galegos". E Blanco-Amor. Ed. Galaxia.
"Preterito Imperfecto". R. Carballo Calero. Ed. do Castro.
"Homes e mulleres". Siro.
"Versos de trinta outonos". Manuel Maria. Ed. Xistral.
"Alfareria na literatura popular galega". Garcia Alén. Ed. Galaxia.
"Caladas e esconxuros". A. Tovar. Ed. Xerais.

CINE

"O verdugo". Luis G. Berlanga. Proxección o 17 e 18 polo cine Club Abertal as 8 do serán no cine Salesianos de Vigo. Ista proxección forma parte dun ciclo do que ainda fican por exhibir "Hungaros", "Alemaña en outono", etc. e podense mercar os abonos na Libreria Castelao, Pub Sachtmo e na A. X. Abertal.
"Keep ou Rochin". O venres dia 9. Pelicula sobre o festival Rock de Toronto en 1969.
"Pink Floyd en Ponpeya" Venres dia 16, concerto filmado nas ruinas do anfiteatro de Pompeya.

Estes dous filmes proxectaos o cine Club Moaña dentro dun ciclo de Rock' N' Roll Revival.

Vigo.
Cine Disol: **Satyricon.** F. Fellini.
Pontevedra:
C. Malvar: **Anonimo Veneciano.**
Coruña:
C. Paris: **O Graduado.**
C. Equitativa: **Alguen voou sobre o niño do cuco.**
Ferrol:
C. Renacimiento: **Gary Cooper que estas nos ceos.**

Desenguedellando

MERCEDES PINTOS-ROSA VILA

A xeito de presentación

A partir dagora e através destas follas, imos escreber un fato de artigos sobor das leis que coidamos, poden ser proveitosos para coñecer un pouco mellor esta arañeira que rexe as nosas vidas e da que, non obstante, ignoramos cáseque todo. As razóns que nos levaron a facelo foron moitas, unha é que na nosa terra houbo sempre afición polos pleitos.

Púxenlle preito a un veciño polo darrego dun leiro perder perdin canto tiña pero amolar ámoleino.

Polos leiros, polos regos xamais faltou nas nosas aldeas un viciño xenreiro e cobizoso disposto a pleitear con todos para ver de amolalos: como tampouco faltou un persoeiro como o Xohan de San Fiz do que nos fala Castroviejo nas "Memórias dunha terra", o que pleiteaba pola soia ledícia de facelo. Por iso nesta terra hai tantísimos "entendidos", aqui "tododios" entende de leis menos os profesionais, cada quen teima que as leis están feitas como mellor lle cadran, grandísimo erro co que nos tocou apandar máis dunha vez ¿que abogado non perdeu unha maña convencendo o teimoso de turno que a razón non estaba da sua parte por máis inxusto que lle parecera?. ¿que abogado non escoitou na sua consulta que "el levaba máis razón cun santo pero que o abogado vendeuse"?.

Alén do dito as leis estan aqui e, queirámolo ou non gobernannos a vidiña: para casarse, para descasarse; se traballamos ou se non podemos facelo; para o noso ben ou para a nosa desgrácia; daquela, o mellor será ilas coñecendo. Matinando nisto puñémonos a traballar.

O primeiro que queremos aclarar é que estes escritos somente van ter un validezo orientativo; ten o leitor que ter en conta, por unha banda a amplitude dos temas e, pola outra o espácio é limitado, de xeito que non tencionamos suplir os profesionais dos que sempre cumpre botar man, chegado o caso, para arranxalos nosos lérios.

Non foi nen é doado facer a escolma dos temas a tratar tei mando sempre que señan "xerais" no senso que podan servir para DESENGUEDELLARLLE as leis o maior número posibel de leitores.

Abrangueremos todas as ponlas do Direito —Civil, Laboral, Penal, etc.—, con máis ou menos tino mais sempre coa nosa mellor vontade. O xeito a seguir será asi: cada mes colleremos un tema, civil un supor, do que falaremos nos tres primeiros números, deixando o cuarto para respostar as vosas cartas pois, non queremos que señа algo pechado pola contra, desde agora quedades convidados a escrebernos para darnos vosos xuicios sobor do desenvolvimento dos temas, suxerir outros, etc. Ademais disto, se precisades facernos algunha consulta persoal non tendes máis que escreber e, todos os meses no derradeiro numero contestaremos ás vosas cartas intentando, senón arranxalo polo menos aclarar o voso problema o máis posíbel, iso si pregandovos que os espoñades coa maior cantidade posibel de dados para poder axudarvos mellor.

E abonda co dito, a vosa acollida, da que as cartas serán un bon reflexo, irán dicindo ao longo do tempo se atinamos ou non. Oxalá que si.

Fauna galega

PATIÑO

O moucho

"à Miguel Pimenta, a quen quizais lle debamos que queden águias en Galícia dentro de cen anos".

Tiña pensado escreber sóbor outra ave, pero penso que o caso do moucho é especial, e ben vale a pena cambiar os plans. O de especial é debido a que cada vez vexo menos destas simpáticas e repoludas aves. Tal observación ou mellor caréncia de observacións tenme preocupado. Teño visto mouchos en moitos lugares. Baldaio, Rois, Carral, Mazaricos, Santiago, Tui e outros, pero desde hai catro ou cinco anos rara é a vez que saia ao campo e me topo con eles. ¿Están disminuindo?. Xa sabedes que ao longo desta serie dedicada ás aves pedinvos información, que agradezo, sóbor dos animais dos vosos lugares, que axudan a coñecer mellor a realidade da fauna galega. Agora fago un chamamento especial no caso do moucho: ¿qué pasa con el? ¿haino nos vosos lugares? ¿sabedes con seguridade se aí cria?.



As causas desta disminución poden ser duas: unha, a morte indiscriminada de mouchos a man de cazadores, que eu teño presenciado, debido á caréncia de pezas de caza, polo que se tira a todo canto se move; a segunda, o envenenamento con insecticidas existentes no corpo das suas presas, que se acumulan no corpo do moucho até matalo ou facelo estéril, que para o caso é o mesmo. Tamén temos atopado mouchos "planchados" nas carreteras.

Esta espécie, coa sua cabeza grande, os seus ollos marelos e as suas plumas pardas apencadas, é ben coñecida pola nosa xente, que reflexaron tal coñecimento no refraneiro, nas cantigas, chegando á literatura: "Moucho que estás no penedo/ ¿eres de cartón?/ non che teño medo". ¡Canta sabiduria popular se garda no refraneiro e nas cantas! Fixádevos: a primeira estrofa indica claramente o habitat destas aves, que son rocas, penedos, canteiras; a segunda alude á sua rixidez, característica das rapiñas denoiteiras, que están quedas, tratando de confundirse co médio que as rodea, movendo a cabeza unicamente; a terceira fálanos das creenzas existentes até hai ben pouco (ainda queda algo) sóbor o malefício destas aves, "aves de mal agoiro", amigas das sombras, de grandes ollos, misteriosas, que botan unhas cárpias que aterrorizan a calquer cristiano que atravesa a fraga ou o descampado de noite. E curioso como esta creenza non é exclusiva de Galícia (douse tamén por exemplo en Fráncia) pero para outros pobos estas aves nocturnas tiñan significado ben diferente, asi os romanos consideraron o moucho, ave da sabiduria, representandoo ao par da diosa Atenea. Daí lle ven o nome científico, Athene noctua, (Athene, ave de Atenea; noctua, ave da noite). ¿Cántos mouchos e outras destas aves non morrerian por estas supersticións?.

Nada máis lonxe da realidade O moucho é unha ave tranquila, tímida, que como calquer outro animal diante da preséncia humana abandona lixeiro o seu apousadoiro; antes expresa o seu nerviosismo baixando e subindo sucesivamente a cabeza dun modo pavero. E máis fácil de ver á tardiña cando voa (de modo ondulado) dun lugar a outro en procura de avelaíñas, escarabaIlos e outros insectos que voan nese intre, pero tamén captura lagartos, rans, algunha pequena ave a alguns ratos; como sucede co miñato, co lagarteiro, coa curuxa e outras destas aves, é sumamente beneficioso e é bon negócio a sua existéncia ali onde nós vivamos.

Como as outras aves da família estríxida, o moucho non fai niño senón que pon os ovos directamente dentro dun burato dunha árbore, dunha roca ou mesmamente en construcións humanas. Os mouchiños nos primeiros dias son cegos e están cobertos dun penuxe branco espeso, voando logo de cinco semanas. As nosas xentes din que o moucho non canta, senón que mouchea, facendo "miu, miu" e cando o senten din que lle doen as costas.

Xa mencionei os seus ollos, o máis rechamante da sua fisonomia, que están colocados, non como na galiña ou na pomba en posición lateral, senón como en nos mesmos, en posición frontal, tendo asi sentido do relieve, da profundidade de campo, que lle é imprescindíbel para calcular ben as distáncias, pois un fallo de milímetros supoñeria a escacapada dunha presa. Estes ollos son sensíbeis a cantiadades mínimas de luz e este sentido vese potenciado polo oido, moi sotilado, co que se axudan grandemente para localizar os animais dos que se mantén. Por se fose pouco a evolución foi modelando nestes seres un mecanismo capaz de conseguir que se aproximen ás suas presas sen ser descobertos, mecanismo que reside nas plumas, que levan a beira desfrecada, xa que doutro xeito producirian un siseo característico doutras aves, pensade no que fan os pombos, os parrulos, as perdices, os gorrións.

• Acabemos con outras duas creenzas, que tamén son falsas, a primeira delas que estas e outras aves noturnas van beber o aceite das lámparas que hai nas igrexas pois o que sucede é que esta luz atrae ás avelaíñas, que o moucho ou a curuxa tratan de cazar, e se algunha cae no aceite, quizais poderian tratar de collela; a outra é que di que polo dia, con tanta luz, quedan cegos, que tamén é falso. En fin, hai que facerse unha idea ben diferente dos mouchos e... deixalos vivir, pois aparte de que a lei proibe cazalos ou telos disecados ou vivos, podendo multar a quen non o faga asi, son aves moi beneficiosas para os campos.

GUIEIRO

Andando a terra

MANUEL HORTAS VILANOVA

Cousas da terra de Aguiar da Terra Cha

Non hai moito que batín, nun café dos Soportales de Lugo, —que deben ser dos máis fermosos do mundo—, co Freire que canta en **Fuxan os Ventos**. O home non andaba moi optimista debido a que se está ainda a recuperar da súa estadía no servicio militar, que cumpriu en Palma de Mallorca, cidade da que non quedou escesivamente gustoso. O Freire e servido somos —e que o sexamos por moitos anos— da mesma tribu. Dela falamos, Sobor de todo das xentes de Arcos e Sobrada que, ó ben visto, é o nome actual do vello condado de Superata. Lembrámonos dos de Fullas; da Xosefa que tivo a taberna aberta ó pé da estrada que vai de Outeiro de Rei a Castro de Ribeiras de Lea, do Trasín, do Pepe da Torre e tamén do vello Crego de Arcos, don Vicente, que leva moi ben os seus noventa e tantos anos e que din que era republicano. O pai do Freire ergueu casa nova, que está segun se vai prá eirexa. Cando haxa vagar haberá que ir a ver tal quedou. Non se construíe moito no noso medio rural." De paso haberá que llo botar unha ollada a torre de Sobrada pra comprobar si lle aumentaron as fendas, ainda que coas que tiña xa estaba ben servida pois son ben competentes.

Toda a xente de Fonxe, Matela, San Lourenzo, Vilela, Sobrada e Arcos fan moita vida, dende vello, en Castro de Ribeiras de Lea. As feiras de Castro sempre foron moi boas. Antes —e non sei agora tamén— vendíanse nelas unhos cabalores teixos, pequenos, case cuadrados, anchos como vagós, que tiñan unhos bigotes moi coneros. Hai anos Anxel Fole fixo referencia a eles nun fermoso artigo que pubricou, si non lembro mal, en "**Faro de Vigo**". A parte do nacente do axuntamento de Outeiro de Rei iba pagar a contribucións a Castro de Ribeiras de Lea. Pra eso os dias de feira, don Xesús de Fravos, que era recaudador, abría oficina, non sei si na Casa de Oscar —así con acento no o— ou na Fonda de Pepita, o mellor establecemento de comidas, non despreciando a ningún, de toda a bisbarra.

O caso foi que meu abó, coñocido polo señor Manuel de Hortas, e máis o señor Xan de Montes —ó que meu abó chamaba, non sei por qué, o Compadre Gaita— foran a feira de Castro Aló pasaron o día. Cando se decataron botouselles a noite derriba. E decidiron cear na taberna de Vilela, que cae, máis ou menos, no medio do camiño. Daquela non abriran ainda estrada de Outeiro de Rei a Castro de Ribeiras de Lea. Cando os dous compadres estaban, despois de tomar os cafeses, botando a augardente nas taciñas pra derreter o zucre que lles quedaba no fondo, apareceu por alí Pepe da Costa, tan longo como era. Pepe da Costa, ademáis de cociñeiro e poeta popular, era alguacil propietario do concello de Outeiro de Rei.

—Porra —dixo Pepe da Costa coa súa voz solermiña e amaricallada— alédome ben de atoparvos.

—¿ E logo.?

Don Xesús de Fravos deume o diñeiro da recaudación pra que llo leve a Outeiro.

—¿ E cómo te atreves de ir soio de noite, con tanta cantidade?.

Pepe da Costa, sin decir verba, comenzou a desabotonar un coiro usado e descolorido que traguía sempre derriba do lombo, agasallo do Segredario do Xuzgado de Paz, don Manolo Sanxurxo. Logo desabotonou a chaqueta de pana. Seguidamente desenrodelou a faixa que tragúía envolta á cintura. Despois desabotonou o chaleque. Do peto de dentro do chaleque sacou unha pistola de dous canos, das que se cargaban polos cañós e díxolles, con aire trunfante e satisfeito:

¿ E logo pra que quero eu á miña amiga?.

O suceso fíxose famoso. Servidor chegou a ter entre as súas maus, algunas veces, a "amiga" de Pepe da Costa.

Os tempos mudaron. Castro de Ribeiras de Lea ainda medrou ben e ten un Mercado Gandeiro de importancia. Coas novas estradas que se foron abrindo, os labregos van as feiras en autos ou en tractores. Os recaudadores de contribucións do concello de Outeiro de Rei que sucederon a Xesús de Fravos non voltaron a facer o cobro nas feiras de Castro de Ribeiras de Lea.

A Terra de Aguiar, ainda que perteñece ó concello de Outeiro de Rei, forma unha subisbarra moi caracteristica dentro da Terra Chá. Son aldeas que se alongan deica ó infindo, tan espalladas están, de terras grixentas, eirexas probes e sin graciá, monte raso e carqueixeiro, viciosss de carballeiras, que agachan as torres medio esbroadas de Sobrada e de Taboi. O seu centro comercial foi —e ainda é— Castro de Ribeiras de Lea.

En toda a Terra de Aguiar, dende San Claudio ó Miño e dende Fonxe a Fullas queda ainda viva a lembranza de Pepe da Costa, que deixou tanta sona de cociñeiro como de poeta. Cecáis que a abundante parroquia de "Fonda Pepita", de Castro, se debera a que Pepe da Costa iba botar unha mau pola cociña os días de feira. Polo menos esa é a sospeita que ten este servidor que, pra facela evidencia, haberría que probala documentalmente. O malo é que naqueles anos —como nestes— non abundaban os contratos de traballo por escrito.

Literatura popular

PRETO DE CERDEDELO

Introdución I

Querer encadrar a literatura galega nos esquemas tradicionais de Literatura Culta ou Erudita e Literatura Popular cáseque é un sacriléxio cultural. Pois como falar do noso movimento lírico medieval, como falar da cantiga de amigo **sen invocar e lembrar a tradición poética do pobo galego. Ou como falar de Rosalia, de Curros e de moitos outros poetas e escritores galegos sen referirnos á voz do pobo que os inspira, os acompaña e até os avouxa. E pola outra banda, qué se poderá topar de máis culto, erudito e refinado que as cántigas populares galegas .**

Abofé que poucas literaturas merecen o calificativo de "popular" tan xustamente como a galega. Mesmo falar de Literatura Popular Galega é un pleonasmo. Mais por non perder a costume imos seguir os esquemas tradicionais e nomearemos Literatura Popular a ese xeito de creación verbal do pobo que se caracteriza por ser **oral** en oposición a **escrebida, anónima** en oposición á **de autor, tradicional** pola sua forma e **natural** polos seus méios de expresión. Neste senso a Literatura Popular estuda todos os elementos da expresión verbal popular cántigas, lendas, contos, adiviñas, refráns, teatro, etc.

Non compre, coido, amosar o interés dunha seción dedicada a este tema que A NOSA TERRA cai poñer desde hoxe e por un tempo ilimitado á disposición dos seus leitores. Ademais da sua gran calidade artística e da influéncia que exerceu na literatura escrebida galega e extranxeira, non podemos esquecer a sua función cultural durante os séculos negros nos que centralismo fixo calar a voz dos nosos poetas e proibiu todo tipo de expresiõn escribida en galego. Tampouco podemos esquecer que o estudo da Literatura Popular como o estudo do Folklore en xeral non só nos axuda a comprender mellor a nosa hitória como nolo mostraron os nosos devanceiros Murguia, Cuevillas e Risco entre outros, senón que tamén e sobre todo nos axuda a comprender mellor as formas de expresión do noso pobo, a nosa língua e o noso pensamento. O seu estudo pódenos axudar a recuperar as formas lingüísticas e poéticas esquecidas, formas teatrais descoñecidas actualmente e recursos narrativos en desuso. Nunha palabra, o seu estudo pódenos axudar a confeccionar unha filosofia da arte expresiva galega e unha filosofia da língua e do pensamento galego que tanto nos compre.

Esta sección vaise estruturar do xeito seguinte a Introdución continuará várias semanas sobre os temas de **Literatura Popular e Folklore** (contido e história) **Divisións da Literatura Popular : a narración, a épica, a dramática, a lírica** (os xéneros poéticos, as formas métricas).

Rematada a introdución virá a presentación que tratará cada vez a eito un elemento diferente quer unha cantiga, quer un conto, quer un refrán, relacionandoos sempre con outros elementos da nosa cultura, quer a história, a xeografía, as créncias, etc.

MUSICA

Novedades discográficas de música anterga. Deller e Clemencic

Xa teño comentado nestas páxinas a importância que posúi o catálogo "Harmonía Mundi-France" como traballo cáseque artesanal de musicólogos-intérpretes que entenden o disco como un produto cultural que cumpre construir desde o documento de arquivo até a edición fonográfica. Harmonia Mundi foi creada como algo máis que iso, xa que intenta levar adiante unha convivéncia durante o traballo que introduza novos nexos de unión entre os músicos. Produtos desta comunidade científica, musical e vital son algunhas das grabacións que veño recomendando encarecidamente na axenda, moi especialmente as de dous extraordinárias persoalidades: Alfred Deller e René Clemencic.

Alfred Deller, pasamento que comentamos hai un ano, foi o recreador do rexistro de cotratenor -os chamados "castrati" retomando un repertório riquisimo que vai desde o gregoriano até a ópera inglesa do barroco -lembremos as grabacións das de Purcell e de Haendel- pasando pola tradición polifónica flamenca e italiana, neste tema lembremos que intentou esgotar os catálogos dos polifonistas. Para entender o proceso de Deller, cumpre lembrar o que significou para os músicos ingleses a recuperación de Purcell e a colaboración constante de compositores -Britten-, musicólogos —Thuston Dart, David Munrrow-, e intérpretes -Neville Marriner e Alfred Deller-; e cumpre non esquecer que Britten foi un excelente director e bon pianista, e Dart e Munrrow eran intérpretes das obras investigadas, e que Marriner e Deller non son alleos ao mundo da investigación musicolóxica.

Lamentabelmente, este labor chegou a nos logo do pasamento da meirande parte destes mestres e cando os seus discípulos xa fixeran descobrementos que invalidaban parte dos vellos plantexamentos; a estúpida morte de Munrrow aos trinta anos rachou o máis apaixoante labor sobre música medieval.

Nesta ocasión, Edigsa presenta tres grabacións de Deller que son continuación de fondos de catálogo. O segundo volume da série "Chant Gregorien" ven dedicado aos "Ofícios pascais de Praga" (EHM 235); os volumes I (EHM 234) "Responsos e monódias galicanas" e III (EHM 236) "Procesións pascais", xa foran publicados e comentados na axenda. O gregoriano de Deller é un prodíxio de pulso, de musicalidade, de respeto ao ritmo do texto. O esperadísimo tercer volume do "Ofício de tebras" de Gesualdo (EHM 240) que lle ven mostrar a Ireneu Segarra que a sua recente versión dos Responsórios de Gesualdo (Archiv 27 23 062) é inaceptábel pola incomprensión da escritura do gran músico; Deller esquece os tópicos strawinskyanos sobre Gesualdo e consegue unhas tensións ademirábeis. E, xa que lo-xa un fermoso volume realizado en colaboura con David Munrrow dedicado á Música dos Tudor (EHM 223). Unha recomendación, "pinchen" o tema 2 da cara B "In this trembling shadow cast", escoiten a primeira frase dita por Deller e terán impaciéncia por levarse esta xoia. E se lles gustan as danzas, non se perdan a do compositor anglo-basto Peter Phillips: "Phillips Pavan". Un disco para disfrute integral.

Polo que se refire a Rene Clemencic, a sua comprensión da música medieval como unha festa é ben coñecida. Partindo do que a música significa na sociedade medieval, intenta recrear os xogos xugrarescos e cada actuación é un espectáculo. Os ciclos fundamentais emprendidos por Clemencic son as Cantigas de Santa María (EHM 977 e 978, de momento), os de Troveiros (EHM 396, 397 e 398, de momento) e os Carmina Burana (EHM 335, 336, 337, 338 e agora o 339, e faltan dous); con posterioridade emprendeu a grabacion do repertório litúrxico medieval (Guillaume Dufay: EHM 939, 985 e 986) e das danzas do renacimento. O quinto volume dos Carmina Burana ven dedicado aos "Prantos Mariais" e o tratamento do tema relixioso lle da pé para un lirismo sorprendente en Clemencic. O outro disco de nova edición é "Le roman de fauvel" un importantísimo ciclo de princípios do século XIV. Un texto blasfemo e obsceno é soporte dun catálogo da música da época no que se alternan as danzas coas cancións e os motetes a 2 ou 3 voces. O protagonista desta grabación é o gran zanfoñista Rene Zosso, que recupera a tradición da salmódia. Se tuvera que recomendarlle a alguén unha única grabación de música medieval, coido que lle recomendaria ésta, tanto polo carácter de catálogo da obra como polo extraordinário da versión. En "Le Roman de Fauvel" (EHM 11-0016) ten un resume da cultura medieval e sesenta minutos de goce musical sen tapuxos.

XOAN M. CARREIRA

CINE

WOODY ALLEN: Recoñecerse no divo (e 2)

Probabelmente o rasgo máis característico da filmografía de Allen seña esa liña ascendente que conduce desde un humor asentado no "gag", no chiste gracioso articulado para producir unha gargallada imediata, no xeito deses cómicos da TV USA —Allen foi un deles— que acompañan as suas ocurréncias estúpidas con risas en off, até un esquema narrativo de gran elaboración onde a comicidade de cada situación fundaméntase no discurso global emitido e que se apoia no domínio da linguaxe especificamente cinematográfica

En base a este critério, podemos dividir a sua filmografía en duas fases. Na primeira incluense "Bananas", "O dormilón", "Todo o que vostede queria saber sobre o sexo", que consituen exemplos claros de films deficientemente construídos e dunha gracia dudábel e penosa, ainda que "O dormilón" destaca por resultar todo un homaxe aos cómicos da época do cine mudo incluindo episódios con típicas carreiras de policías co cómico diante ou xesticulacións con referéncia a Chaplin ou Keaton.

Títulos como "Sonos dun seductor", ou "Toma o diñeiro e corre" son xa premonitórios da evolución futura: o primeiro pola representación patética da debilidade sentimental de un —característica constante en Allen agora que se comeza a falar da crise do varón— que adopta as poses de Bogart duro e castigador onde os haxa cando é abandonado pola sua muller e o segundo porque introduce tres temas claves da sua obra: o de ser un perdedor, un inadaptado, o da parella vista como único aliciente nun mundo hostil e o da família hedípica do pai autoritário e nai comprensiva e, por riva, xudeus.

Seña como queira quizais o máis interesante desta fase seña

"A última noite de Boris Cruschenko", que inserta ironías filosóficas sobre o amor e a morte e sobre todo un humor case cursi, de gran apoiatura en discursos verbais equívocos que depara rachamentos da verosimilitude e sinala o paso na sua obra do "gag" ao discurso elaborado mesmo a nivel visual, fílmico. Nun segundo bloque podemos encadrar a "Annie Hall", "Interiores" e "Manhattan", pelídulas onde xa o seu estilo aparece depurado e onde se acentuan os elementos que lle configuran realismo á narración. "Annie Hall" —case unha história de amor segundo reza o subtítulo— aparecésenos como unha crónica da imposibilidade da salvación da decadéncia do mundo pola via da parella e a cultura —comunicación imposíbel (pénsese nos deliciosos subtítulos situados nos primeiros contactos entre ambos)— e o recurso á psicoanálise sempre dentro da tipoloxia clásica do Wody frustrado, feo, xudeo, intelectual, con problemas sexuais, etc..

"Interiores" constata con evidéncia que Allen se move no mesmo campo de xogo que Ingmar Bergman xa non só a nivel da temática senón mesmo no da transcripción fílmica como nos confirmou posteriormente "Manhattan" e que a diferencia é que ali onde Bergman é profundo e transcendental Allen usa a comicidade irónica e autorreflexa axustada a un personaxe non só anguriado polo absurdo da existéncia senón por riba dubitativo até de si mesmo.

Polo demais, parece como se toda a sua obra culminase en "Manhattan", opera prima da sua carreira exitosa e mimada. Un film introspectivo —a voz en off do comezo— que el utiliza para falar directamente de si mesmo, dos seus conflitos nos micro-grupos de amigos e intelectuais.

Aí a visión estilizada, poética de "Manhattan" conotada excelentemente polo uso documentalista do Blanco e Negro, pola "Rapsody in Blue" que serve de fondo musical, asi como o uso dos planos largos e de conxunto que simbolizan o seu egotismo desencantado e nostálxico (discurso este de moda actualmente) que, seña como queira, adopta nesta ocasión unha resolucion menos negativista, afirmadora da validez relativa do amor e a cultura, cravos ardendo aos que agarrarse se non hai perspectiva de transformación do mundo.

O que resalta en Woody Allen é a sua absoluta ambigüedade, a relativa lucidez acerca de si mesmo e dos seus conflitos non desemboca na contestacion do sistema que os xera. As suas películas (e o uso nelas das palabras ou do psicoanálise) asumen unha función eminentemente catartica, parece como se se nos propuxera unha espécie de terapia colectiva que, por desgracia, produce ocultamento e non coñecimento real das contradicións de certos sectores e, xa que logo, do sistema social que as provoca.

Asi, a sua ironia distanciadora aparecésenos mediante esta operación reafirmadora daquilo que presuntamente pon en solfa. Como en case todos os psicodramas, o resultado é consolador e auto-gratificante. Esa é a consecuéncia desta lírica-épica do perdedor triunfante, parafraseando a Adorno é claro que a eficiencia de Allen reside en que cumpre a sua función de integración mediante as formas da rebelión En definitiva, dos films de Wody Allen pódese esperar apenas, que en virtude desa lei inexorábel da comunicación de masas segundo a que o código dos receptores defire fatalmente do código do emisor, xere efeitos que propriamente non son imanentes ás películas en causa, pero que son posíbeis precisamente pola ambigüedade do seu discurso.

ANTON BAAMONDE.

Taboleiro

N.º 25



A) 19 11 50 58 25 2 45 6 16 29
B) 4 27 43 44 7 18 36 54
C) 39 47 28 15 9 23 33
D) 30 37 41 14 53 5 26
E) 21 55 49 32 12 20
F) 13 40 48 1 35 52
G) 8 42 24 38 57 51
H) 17 56 3 34
I) 46 22 31 10

A) Periódico galego semanal.
B) Ainda non medraron.
C) Aparato usado en cinematrografia para visionar as películas na fase da montaxe.
D) As dun pais europeo.
E) As partes mais afastadas da superfície no mar.
F) Antes do presente.
G) Instrumentos para bater o centeo na eira.
H) As crias das ovellas.
I) Parella portuguesa.

SOLUCION AO Nº 24:

"Se seu mesmo calor lle non vale / préstalle pouco que un boi lle me abafe"/.

(Vilancico galego anónimo da Capela Real de Lisboa. século XVIII).

Anuncios de balde

Licenciados en Química dan clases particulares de E.X.B., B.U.P. e C.O.U. individual ou en grupos.

Razón . Stgo de Chile, 15, 4º A. Santiago de Compostela.

Profesora de EXB da clases particulares en Santiago. Grupos reducidos. Interesados, chamar ao **telf. 58 26 81 Santiago.**

Mercaria bastidores para cadros. Non importaria moito o seu estado. Tamén se mercaria xogo de cores de cera e acuarelas. Razón:

Fernando III Nº 8, 7º C. Santiago.

Cartas

NOTICIAS DE FORMACION PROFESIONAL

No derradeiro mes de decembro tuvo lugar en Santiago unha reunión do Profesorado de Formación Profesional en Galícia con vistas á discusión dos problemas que gravitan sóbor deste sector do ensino, Asistiron representantes de numerosos Centros das catro porvíncias, afiliados ou non a diversos sindicatos, de forma que na reunión estaban representadas as Centrais UGT, CC.OO e a ING-CTG.

Ainda que na reunión non se tomou nengun acordo importante, a xuntanza pensamos foi decesiva por canto todos manifestaron a sua intención de continuar reunidos para chegar a constitución dunha Coordinadora Galega de Formación Profesional.

Aproveitouse esta primeira reunión para enumeración dos principais problemas que pasan na F.P., tomándose boa nota de que apesares de ser un sector en rápida extensión tanto cuantitativa como cualitativamente, era e seguen sendo un sector minoritário con alto grado de pluriempregados o que lle imprime uns rasgos moi peculiares. Precisamente estas características que apontamos motivaron o estado de desinformación en que se atopa este sector, o que a sua vez é causa de que elementos caciquis novos e vellos teñan tomado a F.P. por area de actuación.

Asi, nas províncias de Ourense e Lugo véñense asignando prazas tanto docentes como auxiliares, directamente polos/ Delegados e Coordinadores respectivos, sen ter en conta para nada as opinións dos Centros, nen as necesidades reais dos mesmos, dilapidando os cartos dos cidadáns, e aproveitándose deste xeito para facer todo tipo de favores cos cartos do país.

Caso extremo é o do Coordinador d) de Lugo o señor Manuel Cela Castro que trata de impoñer a sua muller como oficinista no Centro de Villalba (Lugo), con evidente desprécio de Claustro de Profesores. Este señor xa é moi coñecido entre todo o Profesorado, pois aparte da sua total ineficácia, chegou a tal posto a base de apoiar na Prensa no seu dia o nomeamento de Luciano Asorey como/ Delegado, cando toda a opinión pública, mesmo amplos sectores da UC [o condenaban.

Somos moitos os galegos que traballamos por estas terras pero pouco, moi pouco, espácio lle dedican os xornais suízos a "ese dia histórico do pobo galego".

A Tribuna de Xenevra, un dos de máis tirada comenta: "numerosas abstencións" "un SI en Galícia? 'tres de cada catro eleitores quedáronse nas suas casas", e continua "os partidários do "SI", todos os partidos españois, conseguiron o 71 por cento dos votantes, só os nacionalistas de esquerda recomendaron o "NON", de todas maneiras, prosegue, foi unha desfeita moral para os partidários da autonomia que non queren recordar o clima tenso e emocional que caracterizou o primeiro referendo realizado hai 44 anos, tres semanas somente antes do comezo da guerra civil no que a participación foi do 75 por cento.

Para "24 horas", xornal de Lousana, estas son as causas da abstención: a) "O estado de subdesenrolo. Galícia é un país moi extenso e pouco poboado (igual nos confunde coa Siberia) cuns meios de comunicación pobres e insuficientes" b) "Os galegos quixeron mostrar, asi, a sua desconfianza con respeito a unha cuestión onde eles non saben sobre que pé bailar"

"O importante, escrebe a "Tribuna", é que o estatuto foi aprobado pois o que conta é o resultado final, así páranse as aspiracións dos movimentos nacionalistas de extrema esquerda (Le "Bloc Galicien") que querian ver Galícia incluída nunha "Federación Ibérica de Nacións" idea que só contou co apoio do 20 por cento dos votantes.

XESUS TASENDE.

CARTA ABERTA O POBO GALEGO

Pola presente o Grupo Cultural Galego GALICIA HOXE quere dar testemuño da sua protesta de polas trabas impostas aos galegos emigradós na Suíza, para lles impedir e proibir o seu voto no referendo do 21 de decembro sóbor do proxecto de Estatuto de Autonomia para Galícia.

1.– Tendo en conta as leises discriminatórias Suízas que lles proibe aos emigrantes os direitos políticos, no intre do referendo sóbor da Constitución o Señor Suárez e Cia. arranxaron a posibilidade do voto por "poder", e agora no caso do referendo de Galícia a Ley Orgánica 2/1980 proibe esta posibilidade. / Este xeito o Goberno Español nos considera como ciudadanos de segunda categoria negándonos (en contradición, coas leises da sua própria constitución) os nosos direitos políticos como eleitores.

2.– Tamén queremos denunciar as presións exercidas polos Consulados do Estado Español, a través da policia e das autoriadades suízas cara á intimidación dos emigrantes galegos e das suas orgaizacións representativas que somos os grupos e sociedades galegas.

3.– Tendo en conta a futura eleición do Congreso de Galícia, esiximos do Goberno do Estado Español que nos dé os nosos direitos de eleitores a través da posibilidade do voto por "poder", a cargo dos seus Consulados de facer posíbel este xeito de voto.

O COMITE DE GALICIA HOXE

Sra./ Directora

Unha vez máis os galegos da emigración temos que protestar pola increíbel ineficiéncia dos organismos consulares españois no tempo dunha votación. Igual que en votacións anteriores, eleicións, referendos, etc. as papeletas non lle chegan ou chéganlle tarde á maioria dos votantes **rexistrados** xa non digo dos emigrantes en xeral, pois moitos non están no censo. Como explicar que máis do 60 por cen dos galegos residentes en Londres e inscritos no censo de votantes non recebemos ou recebemos tarde as papeletas para votar no chamado referendo autonómico galego do 21 de Nadal? Trátase da simple burocrácia administrativo-postal ou haberá que sospeitar motivos ulteriores?. Apenas se pode apontar provisoriamente un indício que semella derivarse da procedéncia xeográfica dos censados, e é que a maior parte dentro da minoria dos que recebemos a tempo as papeletas están censados en distritos rurais, mentres que a maior parte da maioria que recebeu tarde ou non recebeu papeletas en absoluto procede dos censos urbanos como A Coruña e Vigo.
Un saúdo nacionalistas

CARLOS DURAN

Sabeliña

XOSE LOIS



N.139 9-14 XANEIRO / 1980

A NOSA TERRA

O ATLAS LINGUISTICO GALEGO

En 1.902 publicábase o vol. I do ALF (Atlas Linguistique de la France), promovido polo lingüista suizo Jules Gilliéron. Era o primeiro gran atlas, co que se daba un bo impulso á corrente denominada Xeografía Lingüística, auténtica vangarda daquela. A gran novedade metodolóxica desta nova disciplina lingüística era a presentación do material obxecto de estudo en mapas, nos que ao pé de cada ponto xeográfico se colocaba a resposta recolleita in situ. O conxunto de todos estes mapas forman o atlas lingüístico.

Os cataláns aplican axiña este novo método ao seu território lingüístico, e de aí a aparición en 1.923 do vol. I do ALC (Atlas Lingüístic de Catalunya), mentres que o resto das línguas da Península Ibérica entran tarde nos estudos da Xeografía Lingüística. Téñase en conta que o único volume publicado do ALPI Atlas Lingüístico de la Peninsula Ibérica) foi publicado en 1.962, ainda que as encuestas empezaron a facerse no ano 1.925.

Polo que respeita á língua galega, o que hai neste campo da lingüística reducese aos mapas do ALPI, no que figuran 52 lugares encuestados por Aníbal Otero. Por outra parte, fixéronse encuestas en 25 pontos da nosa costa para o ALMP **(Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares)** e existe o proxecto dun ALEPG **(Atlas Linguístico Etnográfico de Portugal e da Galiza),** do que se publicou o custionário. Existen traballos de campo sobre aspectos dialectais do noso idioma feitos por Zamora Vicente, Schneider, Krüger, Dámaso Alonso, Garcia Yebra, etc., amais de teses de licenciatura e de doutoramento sobre falas galegas. Asi e todo, este material non abonda para estudiarmos o galego, entre outras razóns, porque non cobre o actual território de fala galega, e, cando o cobre, caso dos mapas do ALPI, o material é escaso (só mapas fonéticos). De aí a necesidade de elaborar un Atlas Lingüístico Galego.

Hai que ter en conta que no caso das línguas normalizadas, como o francés ou o rumano, un atlas lingüístico é unha aportación máis para o estudo desas línguas. Pero no caso de Galícia, cun idioma sen normalizar e pouco estudado, un atlas lingüístico vai ser un bo ponto de partida, que permita examinar en conxunto o noso idioma e non dun xeito fragmentário, a base de datos illados e inconexos.

No Departamento de Filoloxia Románica da Faculdade de Filoloxia da Universidade de Santiago creouse un equipo formado por tres encuestadores, Mª Rosario Alvarez Blanco, Manuel González González e Francisco Fernández Rei que, baixo a dirección de Constantino Garcia e Antón Santamarina, elaboraron un cuestionário para preguntar en todo o território de fala galega.

Este cuestionário consta de 2.711 preguntas (o inicial tiña unhas 6.000), que dan un promédio dunhas 4.000 voces recolleitas en cada un dos lugares estudados. O cuestionário empeza cun apartado de fonética, para preguntar formas interesantes á hora de vela evolución do latin ao galego, segue un apartado de morfoloxia, moi longo no referente aos verbos. Ven logo un pequeno de sintaxe, e despois o léxico, agrupado en campos semánticos: o tempo cronolóxico e o tempo meteorolóxico; os accidetnes topográficos; a agricultura; o viño, o aceite, a fariña, a panificación, a lá e o liño; as prantas silvestres, a horticultura, as froiteiras; insectos, aves e animais salvaxes; a pesca e a caza; o gando; animais domésticos; a casa e as ocupacións domésticas; o corpo humano, cos seus movimentos e accións; o vestido e mais o calzado; a família e as relacións sociais e de parentesco, a actividade intelectual e a conduta social; o mundo espiritual; os xogos e diversións os oficios, ferramentas e elaboración dos materiais; pesas e medidas. Este cuestionário tiña como complemento libros con ilustracións de insectos e de paxaros, albuns de prantas, albuns con fotos e dibuxos de apeiros, ferramentas dos distintos ofícios, asi como outros obxectos da vida material (teares, muíños, fornos, etc.).

O território encuestado foi todo o actual de fala galega: as catro províncias en que artificialmente teñen dividida a Galícia e a parte occidental de Oviedo, León e Zamora. A fronteira do galego co "leonés" non é algo ríxido (nunca hai fronteiras ríxidas entre linguas e dialectos), pero con todo, no caso de Oviedo pode situarse no rio Navia (na parte sur o galego fálase ben máis alá do Návia); na provincia de León o límite vai pola divisória dos rios Cua (o que pasa por Cacabelos) e Sil, para logo no Sul coincidiren case os límites administrativos e xeográficos de León e Ourense; en Zamora, o Padornelo é o ponto máis oriental de fala galega. O total de lugares encuestados é 167, coa seguinte disbtribución: 49 na Coruña, 39 en Lugo, 31 en Ourense, 33 en Pontevedra, 7 en Oviedo, 5 en León e 3 en Zamora. No ALGA non vai haber nengunha mostra dos dialectos portugueses de Entre-Douro-e-Minho e trasmontanos, porque xa van estar representados no ALEP **(Atlas Lingüístico de España y Portugal,** en colaboración) e máis no ALEPG (o de Portugal e Galicia, en proxecto). Ademais, non se fixeron encuestas nesta zona —ainda que si seria interesante para vermos cómo hai fenómenos tipicamente galegos que traspasan as fronteiras políticas de Galícia e Portugal porque na conciéncia dun galego falante os falares do N. de Portugal forman parte dun sistema diferente, o que non pasa coas falas do galego "exterior".

Todas as encuestas foron realizadas **in situ,** como é lóxico, polos tres encuestadores arriba citados no derradeiro trimestre de 1.974, ao largo de todo o 75 e nuns cantos meses do 76. A xente encuestada era, naturalmente, do lugar obxecto de estudo, homes ou mulleres indistintamente, polo xeral dunha edade darredor dos 60 anos, galego falantes todos, por suposto. Todas as respostas anotábanse en transcripción fonética a carón da pretgunta correspondente. Como material complementário, facianse grabacións, sempre que a xente non fose reacia a iso.

No momento de escrebermos este artigo ainda non está publicado nengun tomo do ALGA, pero si está totalmente elaborado o Vol. I, que versará sobre a morfoloxia verbal. Tamén está elaborado o material do vol. II (morfoloxia non verbal e sintaxe) e vol. III (fonética cun enfoque histórico). A estes han seguir os de léxico, agrupado en campos semánticos.

O estudo dos mapas do ALGA vainos dar maior información sobre problemas que xa eran coñecidos, por exemplo, de características fonéticas (seseo: **faser, luz** por **facer, luz;** geada: **amiho, amijo** por **amigo,** ou ben **dominho, dominjo,** dominco por **domingo**), de características morfolóxicas (plurais **cans, cas, cais, caes, canhes** etc.; reparto de formas verbais tipo **cantades, cantás, cantandes, cantias;** distribución das formas pronominais **ti** e **tu, eso** e **iso, el** e **il, nós** e **nosoutros,** etc.) e de características sintácticas. Permitirá o estudo das areas léxicas; vai dar información sobre fenómenos completamente descoñecidos (a aspiración do **-s**, por ex., no terreo da fonética ou a existéncia dun pronome **ñe** por **lle** en bastantes pontos). Tamén permitirá estudar con profundidade o grado de penetración do castelán no galego, en qué e a quen afecta e por qué vias (é interesante, por ex., na denominación dos dias da semana ver como en zonas illadas ainda hai os nomes 'paganos" os **mércores** (dia de Mercurio), **xoves**, (dia de Xupiter),**venres** (dia de Venus) mentres na maior parte do galego non hai nen resto destas primitivas denominacións, que foron suplantados polos "non paganos" carta ou **corta feira, quinta feira, sexta feira,** e logo por outros novamente "paganos", pero en castelán— os **miércoles, jueves, viernes**).

Un altlas lingüístico non é a solución aos problemas nen unha meta de todo traballo lingüístico, do que somos conscientes o equipo que o elabora. Pero non hai dúbida que vai poñer á disposición dos lingüístas uns materiais até agora inexistentes, para poder estudar cientificamente esta zona lingüísticamente "virxe" da Romania, que é o territorio de fala galega, ignorado por uns, descoñecido ou pouco coñecido por outros (hai quen situa o galego como dialecto do español, hai quen o pon como do portugues a altura do trasmontano ou do madeirés, ou do leones da portuguesa Miranda).

FRANCISCO FERNANDEZ REI.

Distribución dos puntos do Atlas Lingüístico Galego.